

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

DO

DEPARTAMENTO

DE

LINGUA GALEGA E LITERATURA

2º ESO E 4º ESO

CPIP CABO DA AREA (LAXE)
CURSO 2022-23

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.....	4
2. OBXECTIVOS.....	5
2.1. Obxectivos xerais.....	5
2.2. Concreción dos obxectivos de Lingua Galega e Literatura.....	6
2.3. Obxectivos específicos para cada curso da ESO.....	7
2.3.1. Obxectivos específicos para 2º ESO.....	7
2.3.2. Obxectivos específicos para 4º ESO.....	9
3. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.....	11
4. CONCRECIÓN COA RELACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA MATERIA, OS CONTIDOS, OS CRITERIOS DE AVALIACIÓN E AS COMPETENCIAS CLAVE (POR UNIDADES) E TEMPORALIZACIÓN.....	14
4.1. 2º ESO.....	14
4.2. 4º ESO.....	29
5. DISTRIBUCIÓN TRIMESTRAL DAS UNIDADES.....	64
6. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE.....	65
6.1. 2º ESO:.....	65
6.2. 4º ESO:.....	69
7. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS.....	74
7.1. Principios metodolóxicos.....	74
7.2. Orientación metodolóxica desta programación.....	75
7.3. Metodoloxía nun ensino non presencial ou semipresencial.....	76
7.4. Metodoloxía para o período comprendido entre o peche da terceira avaliación e a avaliación final de xuño	77
8. INSTRUMENTOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN.....	78

9. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, A CUALIFICACIÓN E A PROMOCIÓN.....	81
10. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS.....	84
11. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	84
12. ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.....	86
13. CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR.....	86
14. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.....	90
15. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO QUE CORRESPONDE.....	91
16. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	92
17. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.....	93
18. MECANISMOS DE REVISIÓN, DE AVALIACIÓN E DE MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.....	94

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

A materia de Lingua Galega e Literatura é unha das consideradas “instrumentais”, xa que posúen, ademais dun valor en si mesmas como contido curricular, unha utilidade básica para a construción de aprendizaxes en calquera disciplina e unha importancia decisiva para conseguir varias das denominadas competencias clave, sobre todo a competencia en comunicación lingüística.

O estudo da lingua e da literatura galegas é enfocado nesta programación desde un punto de vista fundamentalmente instrumental e competencial, fomentando o coñecemento práctico do idioma e as destrezas encamiñadas ao “saber facer”. Ademais procúrase a interrelación co estudo das outras linguas do currículo escolar de cara ao tratamento integrado do currículo das mesmas. Outro vector fundamental sobre o que se estrutura a materia de Lingua Galega e Literatura é o da comprensión da realidade lingüística de Galicia, que pretende fomentar, ademais do coñecemento e o uso correcto, a valoración positiva e o emprego consciente do noso idioma, tratando de evitar a súa desvalorización social.

A materia de Lingua Galega e Literatura estrutúrase, de acordo co Decreto 86/2015, de 25 de xuño, en cinco bloques, que esta programación interrelaciona e estrutura por trimestres para guiar o labor da docente na confección das súas unidades didácticas e das tarefas de aula. Os contidos destes bloques (“Comunicación oral. escoitar e falar”; “Comunicación escrita, Ler e escribir”; “Funcionamento da lingua”; “Lingua e sociedade” e “Educación literaria”) abordarase, de acordo coas indicacións do devandito decreto, desde un punto de vista competencial e a partir dos estándares de aprendizaxe sinalados no currículo.

Para a elaboración da programación tivéronse en conta as indicacións da RESOLUCIÓN do 26 de maio de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2022/23.

A programación non é un documento definitivo, senón revisable durante e despois do curso académico. Seleccionaranse aqueles aspectos que mellor se adecúen ao alumnado nese momento e desbotaranse aqueloutros que non son operativos. Para isto, a programación será revisada trimestralmente, valorando tanto os resultados acadados polo alumnado, como a adecuación á temporalización proposta e as propias impresións sobre a consecución dos obxectivos. Faranse posibles modificacións que deberán ser incluídas nas programacións de aula e das que se informará, de ser o caso, ao alumnado, que en todo momento terá acceso a calquera información da recollida neste documento.

Esta programación está adaptada ao CPI Plurilingüe Cabo da Area, que está no concello de Laxe, situado no extremo occidental da comarca de Bergantiños. Este municipio da Costa da Morte é un dos máis pequenos en extensión da provincia da Coruña. Laxe, que ten aproximadamente uns 3100 habitantes, sempre tivo unha grande relevancia turística, debido ao seu patrimonio natural: a lagoa de Traba ou as súas praias. Á parte do turismo, as fontes da riqueza da poboación son a agricultura e a pesca.

O CPI Plurilingüe Cabo da Area recolle alumnado procedente dos núcleos rurais e da vila. Ten adscritos os seguintes centros educativos: Escola de Educación Infantil de Traba e o CEIP Torrexallóns. Está catalogado na Rede de Centros como centro de tres unidades de educación infantil, seis unidades de educación primaria e catro de ESO. Dispón de dous edificios e un Pavillón. Conta, ademais, con servizo de comedor e transporte.

O centro afronta nestes anos o proceso paulatino de funcionar como centro plurilingüe, plasmado no Proxecto Lingüístico de Centro, que parte dun enfoque integrado da apren-

dizaxe das diversas linguas impartidas. Esta programación pretende, xa que logo, adaptarse a ese enfoque, partindo da tipoloxía textual como eixe vertebrador desta.

Ademais, nos últimos anos conseguíuse a dixitalización de todas as aulas de secundaria.

O equipo docente do CPI Plurilingüe Cabo da Area está formado por 30 docentes, 14 dos cales imparten clase en educación secundaria obrigatoria.

O Departamento de Lingua Galega e Literatura é unipersoal. Está composto por unha profesora con destino definitivo no centro desde o curso 2020-21: Susana María Vázquez Recarey. A docente imparte a materia de Lingua Galega e Literatura nos catro cursos da ESO e Latín en 4º da ESO. Este curso contará co reforzo na aula da profesora de Francés, Rosa María Torreira Otero, en 1º ESO (3 h) e en 2º ESO (3 h). Asemade, a xefa de departamento ocuparase da coordinación do Equipo de Dinamización da Lingua Galega.

O centro ten 219 alumnos/as, dos cales 73 cursan estudos de educación secundaria. Estes últimos están repartidos do seguinte xeito:

- 1º de ESO: 15 alumnos/as.
- 2º de ESO: 19 alumnos/as.
- 3º de ESO: 22 alumnos/as.
- 4º de ESO: 17 alumnos/as.

O estrato social ao que pertence o alumnado da ESO é maioritariamente a clase media-baixa, preocupada en liñas xerais pola educación dos seus fillos e das súas fillas.

A maioritaria procedencia rural do alumnado inflúe de xeito importante no predominio do galego como lingua materna da meirande parte dos rapaces e rapazas. O alumnado que fala castelán é minoritario. Con todo, hai un lixeiro incremento de alumnos/as que falan castelán, sobre todo, nos primeiros cursos da ESO, e que lles custa expresarse en lingua galega. Por último, percíbese, en xeral, certa reticencia cara ao emprego do galego estándar por parte do alumnado afeito a falar na súa variante dialectal con moitos castelanismos.

2. OBXECTIVOS.

2.1. OBXECTIVOS XERAIS.

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas de aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de

calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

2.2. CONCRECIÓN DOS OXECTIVOS DE LINGUA GALEGA E LITERATURA.

1. Comprender e interpretar o sentido global das mensaxes orais en distintos ámbitos e con diferentes intencións comunicativas.

2. escoitar con interese e respecto as intervencións orais e valorar as producións orais con fonética galega correcta.

3. Participar en situacións do ámbito académico, manifestando a opinión e mostrando respecto cara ás dos demais.

4. Aplicar estratexias para falar en público, en situacións formais e informais e de forma individual ou en grupo.

5. Producir discursos adecuados a distintos rexistros, coherentes e ben organizados.

6. Realizar exposicións orais coa axuda das TIC, adquirindo desta maneira unha sólida preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
7. Ler de maneira comprensiva e interpretar textos escritos en distintos ámbitos e con diferentes intencións comunicativas.
8. Ler en voz alta respectando os patróns da ortofonía galega e rexeitando prexuízos estéticos.
9. Usar os recursos que ofrecen as bibliotecas e as TIC para obter e manexar información e para producir creacións propias.
10. Producir en calquera formato, textos de distintos ámbitos con coherencia, cohesión, adecuación e corrección.
11. Coñecer e utilizar un léxico amplo e preciso, depurado de interferencias e desviacións da norma.
12. Utilizar dicionarios e outras fontes de consulta en diferentes soportes.
13. Coñecer e utilizar as categorías gramaticais para mellorar e enriquecer as producións lingüísticas.
14. Identificar e explicar as funcións oracionais e as unidades que as desempeñan.
15. Identificar os mecanismos de cohesión textual.
16. Recoñecer a estrutura dun texto e elaborar textos de acordo con eses parámetros.
17. Coñecer e aplicar as regras ortográficas.
18. Participar en proxectos nos que se utilizan varias linguas, evitando estereotipos lingüísticos e culturais.
19. Valorar as linguas como medios de relación interpersoal e sinal de identidade dun pobo.
20. Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia.
21. Ler de maneira comprensiva textos de diferentes xéneros.
22. Desenvolver comentarios connotativos de crítica textual con soltura e precisión.
23. Diferenciar os textos literarios e os non literarios e, nestes últimos, identificar diferentes xéneros.
24. Coñecer o noso patrimonio literario: autores e obras das distintas etapas da literatura galega.
25. Desenvolver comentarios literarios a partir de textos de diferentes xénero.

2.3. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA CADA CURSO DA ESO.

2.3.1. Obxectivos específicos para 2º ESO.

1. Coñecer as características da linguaxe dos distintos medios de comunicación.
2. Analizar textos orais e escritos de medios de comunicación en formato dixital e en papel, para identificar ideas principais, comprender o contido e procesar a información mediante distintas ferramentas.
3. Distinguir ámbitos diferentes en textos orais, coñecer as súas características e os trazos que os diferencian.
4. Sintetizar e procesar información desde textos orais de distintos ámbitos.
5. Elaborar criterios para analizar criticamente o propósito comunicativo en textos orais diversos.

6. Elabora argumentacións propias para expoñer o propósito comunicativo dos textos orais.
7. Recoñecer as connotacións en informacións implícitas nun texto oral.
8. Coñecer e aplicar as regras fonéticas e prosódicas que rexen a lingua galega.
9. Amosar coidado e interese por elaborar producións propias con corrección gramática, ortográfica e fonética.
10. Empregar o coñecemento da lingua e os contidos traballados para producir textos orais propios con coherencia, cohesión e corrección. Utilizar con corrección nexos textuais de espazo, oposición e contraste, así como os mecanismos gramaticais e léxicos de cohesión interna.
11. Realizar exposicións orais sobre temas diversos seguindo unha estrutura ordenada e coherente, con soltura.
12. Coñecer e utilizar técnicas TIC que faciliten e axuden a mellorar as exposicións orais planificadas.
13. Elaborar opinións propias sobre temas diversos e expoñelas de maneira argumentada e ordenada en distintos contextos.
14. Participar de modo natural e por iniciativa propia en situacións de comunicación oral diversas: debates, corrección de exercicios, diálogos sobre temas, ... expoñendo e argumentando as ideas propias.
15. Coñecer e aplicar técnicas de comunicación oral nas exposicións ou en situacións diversas falando en público, coidando a postura, a modulación da voz, a estrutura do discurso, os medios empregados, etc.
16. Desenrolar estratexias para comprender mensaxes orais e escritas en situacións onde hai dificultades de comprensión.
17. Utilizar recursos dixitais e libros de texto para resolver dúbidas sobre vocabulario ou estruturas lingüísticas necesarias para producir con corrección na lingua galega.
18. Empregar os coñecementos da lingua para comprender e producir textos propios no contexto social no que nos desenvolvemos: diarios, cartas persoais, avisos e solicitudes.
19. Coñecer os elementos fundamentais dos textos instrutivos e expositivos en contexto educativo: webs educativas, dicionarios, glosarios e enciclopedias. Utilizar ese coñecemento para comprender a mensaxe e utilizar as fontes de información con rigor.
20. Identificar e analizar as distintas fontes de información que son base esencial no proceso de adquisición de coñecementos.
21. Realizar lectura comprensiva de textos diversos: identificar ideas principais e secundarias, sintetizar e representar a información, elaborar argumentacións propias sobre o contido, relacionar o texto con experiencias ou outros coñecementos previos.
22. Realizar unha lectura en voz alta co dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa e á súa función.
23. Empregar estratexias metacognitivas para identificar canto e como aprendemos.
24. Coñecer os elementos esenciais e os tipos de noticias que aparecen nos medios de comunicación.
25. Elaborar noticias a partir dun modelo con coñecementos adquiridos.
26. Producir en formato papel ou dixital textos de distinta tipoloxía: cuestionarios, resumos, descrición, narracións e explicacións.

27. Producir textos escritos con un compoñente de goce persoal para comunicar experiencias, ideas e pensamentos.
28. Enriquecer con cada temática o léxico, vocabulario e frases da linguaxe habitual en lingua galega.
29. Empregar con soltura e precisión dicionarios e fontes de consulta para comprender textos, enriquecer o vocabulario e contrastar a fiabilidade das fontes empregadas.
30. Coñecer, empregar as normas que regulan os textos orais e escritos de diversos tipos.
31. Comprender que o uso de normas ortográficas e morfoloxías é necesario para o desenvolvemento da lingua.
32. Coñecer as normas de uso dos signos de puntuación e utilizalos en textos escritos con corrección.
33. Comprender a estrutura de substantivos e verbos para mellorar as habilidades de comprensión e produción lingüísticas.
34. Coñecer os elementos dunha oración desde o punto de vista sintáctico. Empregar este coñecemento para elaborar enunciados, orais e escritos, cun estilo cohesionado e correcto.
35. Realizar autoavaliacións sobre o traballo de maneira realista co obxectivo de mellorar a aprendizaxe.
36. Enriquecer a competencia lingüística co uso das distintas linguas en distintos contextos educativos.
37. Recoñecer a riqueza na diversidade cultural a través das linguas propias de cada pobo.
38. Reflexionar sobre a situación sociolingüística galega desde unha perspectiva social, histórica e xeográfica.
39. Coñecer a historia e as razóns das iniciativas normalizadoras da lingua galegas e describir a situación legal das linguas do Estado español.
40. Identificar e clasificar as variantes diafásicas do galego, recoñecer os trazos da variedade estándar da lingua galega e valorala como variante unificadora, así como apreciar a variante diatópica propia.
41. Ler expresiva e comprensivamente en público textos diversos.
42. Coñecer as características de textos pertencentes a diferentes xéneros e subxéneros, e comparalos sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais.
43. Coñecer, identificar e interpretar recursos retóricos nos textos literarios.
44. Escribir de maneira autónoma textos de intención estética aplicando os coñecementos dos recursos literarios traballados.
45. Distinguir os trazos da linguaxe cinematográfica, identificalos e analizalos en diferentes obras de cine.

2.3.2. Obxectivos específicos para 4º ESO.

1. Comprender e interpretar textos propios da comunicación audiovisual, con especial atención aos de carácter argumentativo e publicitario.
2. Comprender e interpretar textos orais de distinta natureza, con especial atención aos de carácter expositivo e argumentativo do ámbito educativo.
3. escoitar e producir textos orais cunha actitude crítica cara aos prexuízos e aplicando os coñecementos gramaticais para unha mellor expresión.

4. Producir textos orais adecuados á situación e á intención comunicativa, utilizando as estratexias necesarias para falar en público, así como as TIC.
5. Participar activamente en debates propostos sobre temas de interese e valorar a lingua oral como instrumento de relación social.
6. Utilizar técnicas e estratexias que facilitan a lectura comprensiva e crítica de textos.
7. Comprender e interpretar textos propios da vida cotiá, relacionados co ámbito laboral, administrativo, comercial e educativo.
8. Comprender, interpretar e redactar (en papel ou en formato dixital) textos argumentativos, xornalísticos e publicitarios.
9. Ler de maneira reflexiva e crítica para identificar usos lingüísticos discriminatorios.
10. Usar os recursos que ofrecen as bibliotecas e as TIC para obter información complementaria.
11. Utilizar técnicas e estratexias para producir textos escritos adecuados, coherentes e cohesionados, e valorar a escritura como fonte de enriquecemento persoal.
12. Utilizar as TIC para mellorar a presentación dos escritos, difundir textos propios, coñecer outros alleos e intercambiar opinións.
13. Producir textos propios, en soporte impreso ou dixital, tanto da vida cotiá como de carácter xornalístico (cartas ao director ou columnas de opinión).
14. Utilizar un léxico amplo e adecuado, e identificar as relacións semánticas entre as palabras.
15. Recoñecer e utilizar correctamente as formas verbais e as perífrases verbais.
16. Recoñecer e usar a fonética do galego.
17. Aplicar correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas do galego, e utilizar manuais de consulta de maneira eficaz.
18. Identificar a oración como un tipo de enunciado e analizar as relacións sintácticas entre os elementos que constitúen o predicado.
19. Recoñecer en textos propios e alleos a estrutura dun texto, así como a súa adecuación e os conectores que permiten cohesionar ideas e parágrafos.
20. Identificar os trazos que definen diferentes tipoloxías textuais, especialmente os textos argumentativos.
21. Desenvolver unha competencia lingüística integrada, utilizando os coñecementos dunha lingua para mellorar no uso doutras e participando en proxectos onde se usen distintas linguas.
22. Valorar as linguas como sinal de identidade dos pobos, apreciar o plurilingüismo e coñecer o ámbito da lusofonía.
23. Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia, coñecer o proceso de normalización e evitar os prexuízos.
24. Coñecer os acontecementos relevantes da historia social da lingua galega desde 1916 ata a actualidade.
25. Describir a situación sociolingüística e legal das linguas do Estado español.
26. Recoñecer e valorar as variedades da lingua, e identificar a estándar como variante unificadora.
27. Identificar e coñecer as características dos distintos períodos e xeracións da literatura galega desde 1916 ata a actualidade.

28. Ler de maneira comprensiva, expresiva ou dramatizada textos de distintos xéneros da literatura galega desde 1916 ata a actualidade.
29. Elaborar traballos individuais ou en grupo, coa axuda das TIC, relacionados coa literatura galega desde 1916 ata a actualidade.
30. (Re)crear textos con intención literaria a partir dos modelos traballados na clase.

3. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

Nesta programación aparecen relacionados os estándares de aprendizaxe avaliáveis coas competencias claves segundo o Decreto 86/2015, do 25 de xuño de 2015, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. Existe unha estreita relación entre a materia de Lingua galega e Literatura e a adquisición das sete competencias, xa que o estudo da Lingua e a Literatura supón a posta en marcha de toda unha serie de estratexias cognitivas, de pensamento e aprendizaxe para a realización de distintas tarefas, polo que leva implícito o desenvolvemento de cada unha das competencias clave.

Esta contribución ás competencias concrétese do seguinte xeito:

1. Competencia en comunicación lingüística (CCL):

A competencia en comunicación lingüística adéstrase de maneira explícita no propio ámbito curricular; polo tanto, poderíase incluír calquera dos descritores desta competencia. Porén, resáltanse aquí aqueles que favorecen a súa transversalidade:

- Comprender o sentido dos textos escritos e orais.
- Expresarse oralmente e por escrito con corrección, adecuación, cohesión e coherencia.
- Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...
- Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros nas diversas situacións comunicativas.

2. Competencia Matemática e Competencias Básicas en Ciencia e Tecnoloxía (CMCCT):

Desde a área de Lingua Galega e Literatura desenvólvense de forma xeral varios aspectos desta competencia, xa que as análises das estruturas morfolóxicas, sintácticas e textuais supoñen un adestramento do razoamento lóxico, a súa sistematización e a aplicación dun método rigoroso.

Traballaranse nas diferentes unidades didácticas descritores como:

- Recoñecer e comprender gradualmente termos, conceptos, elementos... matemáticos e científicos.
- Comprender e explicar, utilizando ferramentas matemáticas propias do seu nivel, conceptos como a medida do tempo, a capacidade...
- Interpretar mapas, gráficos, táboas, diagramas, porcentaxes, estatísticas etc, que se empreguen, por exemplo, para explicar contidos de sociolingüística.
- Organizar a información utilizando táboas, gráficos, diagramas ou esquemas.

Ademais dos diversos descritores da competencia que se traballan puntualmente nas unidades, destácanse outros:

- Tomar conciencia dos cambios producidos polo ser humano no contorno natural e as

repercusións para a vida futura.

- Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante.
- Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá.

3. Competencia dixital (CD):

A área de Lingua Galega e Literatura debe contribuír ao adestramento da competencia dixital, tan relevante e necesaria no contexto actual. O uso das novas tecnoloxías supón un novo modo de comunicación cuxo ámbito haberá que adestrar de maneira sistemática. A produción de procesos comunicativos eficaces nos que se empregan os contidos propios da materia é un pilar esencial para o desenvolvemento da competencia dixital nos alumnos e alumnas.

Para iso, nesta área, traballarase os seguintes descritores da competencia:

- Empregar distintas fontes para a busca de información.
- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
- Elaborar información propia derivada da información obtida a través de medios tecnolóxicos.
- Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.
- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

4. Competencia para aprender a aprender (CAA):

A competencia pódese desenvolver na área fomentando tarefas que permitan que o alumno ou a alumna se recoñeza a si mesmo/a como aprendiz para a mellora dos seus procesos de aprendizaxe. Neste sentido, Lingua Galega e Literatura préstase especialmente a iso, xa que é unha área que favorece os procesos metacognitivos e a adquisición de estratexias e estruturas de aprendizaxe extrapolables a outras áreas e contextos.

Traballarase os seguintes descritores de maneira prioritaria:

- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, funcións executivas...
- Xestionar os recursos e motivacións persoais en favor da aprendizaxe.
- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...
- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.
- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

5. Competencias sociais e cívicas (CSC):

Traballar con outros, descubrir as diferenzas e establecer normas para a convivencia

favorece o desenvolvemento das competencias sociais e cívicas. Desde o uso da lingua para chegar a consensos, establecer e cumprir regras de funcionamento ata o seguimento das normas de comunicación, pódese adestrar en Lingua Galega e Literatura esta competencia. Por outra parte, a contextualización da comunicación lingüística e literaria propias da área e a importancia da crítica textual fan fundamental o traballo desta competencia.

Para iso, adestraranse os seguintes descritores:

- Coñecer as actividades humanas, adquirir unha idea da realidade histórica a partir de distintas fontes e identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito referendado por unha constitución.
- Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.
- Mostrar dispoñibilidade para a intervención activa en ámbitos de participación establecidos.
- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.

6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE):

O adestramento do sentido de iniciativa e espírito emprendedor é de vital importancia en calquera contexto educativo porque favorece a autonomía do alumnado e o desenvolvemento de habilidades persoais para emprender accións innovadoras en contextos académicos que logo se poderán extrapolar a situacións vitais. No propio estudo da materia, os alumnos e as alumnas deben recoñecer os seus recursos e adquirir hábitos que lles permitan superar dificultades no traballo e na consecución de metas establecidas.

Os descritores que se priorizarán son:

- Optimizar os recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias.
- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Ser constante no traballo, superando as dificultades.
- Dirimir a necesidade de axuda en función das dificultades da tarefa.
- Xestionar o traballo do grupo, coordinando tarefas e tempos.
- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.
- Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos.
- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.

7. Conciencia e expresións culturais (CCEC):

A expresión lingüística e o coñecemento cultural que se adquire a través da literatura facilitan desde a área o desenvolvemento desta competencia. A verbalización de emocións e sentimentos sobre as manifestacións literarias ou artísticas, as creacións propias, o coñecemento do acervo literario... fan desta área unha canle perfecta para adestrar a competencia.

Traballaranse, por tanto, os seguintes descritores:

- Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento.
- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.

- Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas e das manifestacións de creatividade e gusto pola estética no ámbito cotián.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

4. CONCRECIÓN COA RELACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA MATERIA, OS CONTIDOS, OS CRITERIOS DE AVALIACIÓN E AS COMPETENCIAS CLAVE (POR UNIDADES) E TEMPORALIZACIÓN.

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

4.1. 2º ESO.

UNIDADE 1

TEMPORALIZACIÓN: dende o 12 de setembro ao 30 de setembro.

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliábeles	Grao mínimo de consecución	CC
- Lectura: texto narrativo. - Vocabulario relacionado coas viaxes. - Os fonemas. - A sílaba. Ditongos, tritongos e hiatos. - A diversidade lingüística. - As características da literatura. - A improvisación.	1. Ler un texto literario coa entoación adecuada e facer o seu comentario.	1.1. Le con fluidez e atención un texto narrativo e coméntao seguindo uns criterios dados.	<ul style="list-style-type: none"> • Le con fluidez, comprende e crea textos variados adaptados ao nivel. 	CMCT CCL CD CSC CAA
	2. Ampliar o vocabulario básico relacionado coas viaxes e entender a importancia de usar o dicionario.	2.1. Utiliza en diversos contextos o vocabulario básico estudado para expresarse con claridade nun rexistro axeitado á situación comunicativa e usa o dicionario.	<ul style="list-style-type: none"> • Utiliza en diversos contextos o vocabulario básico estudado e usa o dicionario. • Divide correctamente en sílabas e recoñece ditongos, tritongos e hiatos. 	CCL CCEC CAA
	3. Dividir correctamente en sílabas e recoñecer ditongos, tritongos e hiatos.	3.1. Divide correctamente en sílabas e recoñece ditongos, tritongos e hiatos.	<ul style="list-style-type: none"> • Distingue entre linguas maioritarias, minoritarias e minorizadas e aplica estes conceptos ao caso galego. 	CCL CAA
	4. Valorar as linguas como medios de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo. Apreciar e coñecer o plurilingüismo	4.1. Valora as linguas como medios de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo. Aprecia e coñece o plurilingüismo como	<ul style="list-style-type: none"> • Coñece as características dos textos literarios. • Fala con fluidez dun tema proposto. 	CCL CSC CCEC

	como expresión da riqueza cultural da humanidade.	expresión da riqueza cultural da humanidade. 4.2. Distingue entre linguas maioritarias, minoritarias e minorizadas e aplica estes conceptos ao caso galego.		
	5. Coñecer as características da literatura.	5.1. Coñece as características da literatura.		CCL CCEC CAA
	6. Recoñecer os textos literarios, xéneros e identificar os seus recursos	6.1 Recoñece os textos literarios, xéneros e identifica os seus recursos.		CCL CCEC CAA
	7. Improvisar sobre un tema coitando aspectos verbais e non verbais.	7.1. Improvisa sobre un tema e fala con fluidez e seguridade.		CCL CSC CSIEE
	8. Comentar un texto e aplicar todo o estudado na unidade. Realizar traballos de investigación a partir dese texto.	8.1 Comenta un texto e aplica todo o estudado na unidade. Realiza traballos de investigación a partir dese texto.		CCL CSIEE CAA CCEC CD

UNIDADE 2

TEMPORALIZACIÓN: dende o 3 de outubro ao 20 de outubro.

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliábeis	Grao mínimo de consecución	CC
- Lectura: texto narrativo. - Vocabulario relacionado cos animais. - As palabras: tipos e estrutura.	1. Ler un texto literario coa entoación adecuada e facer o seu comentario.	1.1. Le con fluidez e atención un texto narrativo e comenta seguindo uns criterios dados.	<ul style="list-style-type: none"> • Le con fluidez, comprende e crea textos variados adaptados ao nivel. • Utiliza en diversos contextos o vocabulario básico estudado e usa o dicionario. • Clasifica as palabras se- 	CMCT CCL CD CSC CAA
	2. Ampliar o vocabulario básico relacionado cos animais e entender a importancia	2.1. Utiliza en diversos contextos o vocabulario básico estudado para expresarse con claridade nun rexistro axeitado á situación co-		CCL CCEC CAA

<p>- As regras de acentuación.</p> <p>- As linguas da Península Ibérica.</p> <p>- Os xéneros literarios.</p> <p>- A exposición oral.</p>	de usar o dicionario.	municativa e usa o dicionario.	<p>gundo a súa estrutura e segundo o significado e función sintáctica.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Divide correctamente en lexemas e morfemas, identifica prefixos e sufixos. • Coñece e aplica as regras de acentuación. • Coñece as linguas da Península Ibérica. • Coñece os xéneros e subxéneros literarios e sabe clasificar textos. • Fala con fluidez dun tema proposto. 	<p>CCL CAA CMCT</p>		
	3. Comprender a estrutura das palabras: dividir correctamente en lexemas e morfemas, identificar prefixos e sufixos. Clasificar as palabras segundo a súa estrutura e segundo o significado e función sintáctica.	3.1. Comprende a estrutura das palabras: divide correctamente en lexemas e morfemas, identifica prefixos e sufixos.			3.2. Clasifica as palabras segundo a súa estrutura e segundo o significado e función sintáctica.	
	4. Sabe as regras de acentuación. Acentuar con corrección ditongos, tritongos, hiatos con I,U, latinismos etc.	4.1. Aplica as regras de acentuación.			4.2. Acentúa con corrección ditongos, tritongos, hiatos con I,U, latinismos etc.	<p>CCL CAA CCEC</p>
	5. Coñecer as linguas da Península Ibérica e valorar a riqueza da diversidade lingüística e cultural sinalado no artigo 3 da Constitución Española.	5.1 Coñece as linguas da Península Ibérica e valora a riqueza da diversidade lingüística e cultural sinalado no artigo 3 da Constitución Española.				<p>CCL CCEC CSC</p>
	6. Coñecer os xéneros e subxéneros literarios e saber clasificar textos.	6.1. Coñece os xéneros e subxéneros literarios e sabe clasificar textos.				<p>CCL CCEC CAA</p>
7. Preparar e realizar unha	7.1 Prepara e realiza unha exposición oral		<p>CCL CAA</p>			

	exposición oral con corrección.	con corrección.		CSC CSIEE
	8. Comentar un texto e aplicar todo o estudado na unidade. Realizar traballos a partir dese texto.	8.1 Comenta un texto e aplica todo o estudado na unidade. Realiza traballos de creación a partir dese texto.		CCL SIEE CAA CCEC CD

UNIDADE 3

TEMPORALIZACIÓN: dende o 21 de outubro ao 10 de novembro.

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	Grao mínimo de consecución	CC
- Lectura: texto narrativo.	1. Ler un texto literario coa entoación adecuada e facer o seu comentario.	1.1. Le con fluidez e atención un texto narrativo e coméntao seguindo uns criterios dados.	<ul style="list-style-type: none"> • Le con fluidez, comprende e crea textos variados adaptados ao nivel. • Utiliza en diversos contextos o vocabulario básico estudado, aprende sinónimos e usa o dicionario. • Identifica substantivos. 	CMCT CCL CD CSC CAA
- Vocabulario relacionado coa gastronomía e a hostalería.	2. Ampliar o vocabulario básico relacionado coa gastronomía e a hostalería e entender a importancia de usar o dicionario.	2.1. Utiliza en diversos contextos o vocabulario básico estudado para expresarse con claridade nun rexistro axeitado á situación comunicativa e usa o dicionario.		CCL CCEC CAA
- O substantivo.	3. Identificar substantivos. Coñecer e aplicar as regras da formación do xénero e do número do substantivo.	3.1. Identifica substantivos. Coñece e aplica as regras da formación do xénero e do número do substantivo.	<ul style="list-style-type: none"> • Aplica as regras da formación do xénero e do número do substantivo. • Acentúa con corrección as palabras con acento diacrítico. • Valora o plurilingüismo como unha 	CCL CMCT CAA
- A frase substantiva e a frase nominal.	4. Identificar e analizar as frases substantivas e nominais.	4.1. Identifica e analiza as frases substantivas e nominais.		CCL CMCT CAA
- O acento diacrítico.	5. Coñecer as normas do acento	5.1. Acentúa con corrección as pala-		CCL CAA
- A situación legal das linguas.				
- Os subxéneros narrativos.				
- O conto.				
- A narración de contos.				

	diacrítico e as principais palabras que o levan.	bras con acento diacrítico e coñece as normas.	riqueza e coñece a lexislación básica.	
	6. Valorar o plurilingüismo e coñecer os textos legais que o contemplan: Estatuto de Autonomía....	6.1 Valora o plurilingüismo e coñece os textos legais que o contemplan .	• Coñece os principais subxéneros narrativos e, en particular, as características do conto (conto popular e literario).	CCL CCEC CSC
	7. Coñecer os subxéneros narrativos e en particular as características do conto (conto popular e literario).	7.1. Coñece os subxéneros narrativos e en particular as características do conto (conto popular e literario).	• Prepara e realiza unha narración dun conto.	CCL CSC CCEC CAA
	8. Saber realizar o comentario seguindo uns criterios dados.	8.1. Sabe realizar o comentario seguindo uns criterios dados.		CCL CSC CCEC CAA
	9. Preparar a narración dun conto.	9.1. Prepara e realiza unha narración dun conto.		CCL CSC CCEC
	10. Comentar un texto e aplicar todo o estudado na unidade. Realizar traballos a partir dese texto.	10.1. Comenta un texto e aplica todo o estudado na unidade. Realiza traballos a partir dese texto.		CCL CSIEE CAA CD

UNIDADE 4

TEMPORALIZACIÓN: dende o 11 de novembro ao 28 de novembro.

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliábeis	Grao mínimo de consecución	CC
- Lectura: texto narrativo. - Vocabulario relacionado cos antropónimos.	1. Ler un texto literario coa entoación adecuada e facer o seu comentario.	1.1 Le con fluidez e atención un texto narrativo e coméntao seguindo uns criterios dados.	• Le con fluidez, comprende e crea textos variados adaptados ao nivel.	CMCT CCL CD CSC CAA
- O adxectivo.	2. Coñecer antropónimos, hipo-	2.1. Coñece antropónimos, hipo-	• Coñece os antropó-	CCL CCEC

- A frase adxectiva.	corísticos e a clasificación dos apelidos galegos.	corísticos e a clasificación dos apelidos galegos.	nimos.	CSC
- As maiúsculas.	3. Identificar os adxectivos. Coñecer as regras da formación do xénero e do número do adxectivo. Coñecer os graos e saber realizar comparacións con corrección.	3.1. Identifica os adxectivos. 3.2. Coñece as regras da formación do xénero e do número do adxectivo. 3.3. Coñece os graos e sabe realizar comparacións con corrección.	<ul style="list-style-type: none"> • Recoñece os adxectivos cualificativos e forma o feminino e o plural de adxectivos dados. • Identifica os graos do adxectivo e realiza comparacións utilizando as partículas comparativas adecuadas. 	CCL CMCT CAA
- A lusofonía.				
- A novela.	4. Identificar e analizar as frases adxectivas.	4.1. Identifica e analiza as frases adxectivas.	<ul style="list-style-type: none"> • Aplica as normas do uso das maiúsculas. 	CCL CMCT CAA
- A cohesión textual.	5. Coñecer as normas do uso das maiúsculas.	5.1 Coñece as normas do uso das maiúsculas.		
	6. Reflexionar sobre a lusofonía e saber os países que a conforman.	6.1. Reflexiona sobre a lusofonía e sabe os países que a conforman.	<ul style="list-style-type: none"> • Sabe que é a lusofonía e recoñece os países que a conforman. • Identifica as características da novela e coñece os tipos de novelas segundo a súa temática. 	CCL CCEC CSC
	7. Coñecer as características da novela e os tipos de novela con cadansúas características.	7.1. Coñece as características da novela e os tipos de novela con cadansúas características.		
	8. Saber realizar o comentario seguindo uns criterios dados.	8.1. Sabe realizar o comentario seguindo uns criterios dados.	<ul style="list-style-type: none"> • Coñece e aplica os mecanismos de cohesión. • Fala con fluidez dun tema proposto. 	CCL CSC CCEC CAA
	9. Coñecer e aplicar os mecanismos de cohesión.	9.1. Coñece e aplica os mecanismos de cohesión.		
	10. Comentar un texto e aplicar todo o estudado na unidade. Realizar traballos a partir dese texto.	10.1 Comenta un texto e aplica todo o estudado na unidade. Realiza traballos a partir dese texto.		CCL CSIEE CAA CD

UNIDADE 5

TEMPORALIZACIÓN: dende o 1 de decembro ao 22 de decembro.

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliábeis	Grao mínimo de consecución	CC
<ul style="list-style-type: none"> - Lectura: texto narrativo. - Vocabulario relacionado coa comunicación. - O pronome persoal. - Punto, coma, punto e coma. - O galego hoxe. Niveis de competencia. -O narrador. - O esquema. 	1. Ler un texto literario coa entoación adecuada e facer o seu comentario.	1.1. Le con fluidez e atención un texto narrativo e coméntao seguindo uns criterios dados.	<ul style="list-style-type: none"> • Le con fluidez, comprende e crea textos variados adaptados ao nivel. • Coñece e identifica os elementos da comunicación e os tipos de códigos. • Identifica os pronomes persoais e clasifícaos en tónicos e átonos. • Substitúe os CD e os CI por cadanseus pronomes e fai as contraccións pertinentes. • Coloca ben o pronome. • Usa correctamente o punto, a coma e o punto e coma. • Reflexiona sobre a actualidade do galego. • Coñece os elementos do xénero narrativo. • Coñece os distintos tipos de narradores e sabe identificarlos en textos. • Identifica os distintos tipos de narrador/a. • Realiza esquemas. 	CMCT CCL CD CSC CAA
	2. Coñecer e identificar os elementos da comunicación e os tipos de códigos.	2.1. Coñece e identifica os elementos da comunicación e os tipos de códigos.		CCL CCEC CSC
	3. Identificar os pronomes persoais e clasifícalos en tónicos e átonos. Substituír os CD e os CI por cadanseus pronomes e facer as contraccións pertinentes. Colocar con corrección o pronome.	3.1. Identifica os pronomes persoais e clasifícaos en tónicos e átonos. 3.2. Substitúe os CD e os CI por cadanseus pronomes e fai as contraccións pertinentes. 3.3. Coloca con corrección o pronome.		CCL CAA
	4. Coñecer o uso do punto, da coma e do punto e coma.	4.1. Coñece o uso do punto, da coma e do punto e coma.		CCL
	5. Reflexionar sobre a actualidade do galego e os niveis de competencia.	5.1. Reflexiona sobre a actualidade do galego e os niveis de competencia.		CCL CSC CCEC
	6. Coñecer os elementos do xénero narrativo.	6.1. Coñece os elementos do xénero narrativo.		CCL CCEC CSC
	7. Coñecer os distintos tipos de narradores e saber identificarlos en textos.	7.1. Coñece os distintos tipos de narradores e sabe identificarlos en textos.		CCL CCEC CSC
	8. Realizar esquemas.	8.1. Realiza esquemas.		CCL CMCT CAA
	9. Comentar un texto	9.1 Comenta un texto		CCL

	e aplicar todo o estudado na unidade.	e aplica todo o estudado na unidade.	• Fala con fluidez dun tema proposto.	CCEC CAA
--	---------------------------------------	--------------------------------------	---------------------------------------	-------------

UNIDADE 6

TEMPORALIZACIÓN: dende o 9 de xaneiro ao 26 de xaneiro.

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliábeis	Grao mínimo de consecución	CC
<ul style="list-style-type: none"> - Lectura: texto narrativo. - Vocabulario relacionado coa navegación. - O verbo. Estrutura. Modos, tempos e formas nominais. Verbos regulares. - Dous puntos e puntos suspensivos. Comiñas e raías. - A valoración social da lingua. - Personaxes, espazo e tempo. - O mapa conceptual. 	1. Ler un texto literario coa entoación adecuada e facer o seu comentario.	1.1. Le con fluidez e atención un texto narrativo e coméntao seguindo uns criterios dados.	<ul style="list-style-type: none"> • Le con fluidez, comprende e crea textos variados adaptados ao nivel. 	CMCT CCL CD CSC CAA
LGB2.1.2. Busca o significado do léxico descoñecido a partir do contexto, analiza a forma das palabras ou usa dicionarios para contextualizar as acepcións.

LGB2.1.3. Identifica a idea principal e as secundarias e comprende a relación existente entre elas.

LGB2.2.1. Comprende e interpreta a información máis relevante de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: diarios, cartas persoais, avisos e solicitudes.

LGB2.2.2. Comprende instrucións escritas de certa complexidade que lle permiten desenvolverse en situacións da vida cotiá.

LGB2.2.3. Comprende e interpreta normas de convivencia, regras de xogos, correspondencia escolar.

LGB2.3.1. Comprende e interpreta textos propios dos medios de comunicación (noticias).

LGB2.3.2. Localiza a información destacada de textos propios dos medios de comunicación: portadas e titulares.

LGB2.4.1. Comprende e interpreta textos propios da vida educativa, especialmente, os instrutivos e expositivos: webs educativas, dicionarios, glosarios e enciclopedias.

LGB2.5.2. Coñece e utiliza habitualmente dicionarios impresos ou en versión dixital.

LGB2.5.3. Coñece o funcionamento das bibliotecas, así como as bibliotecas dixitais e é quen de solicitar libros e vídeos de xeito autónomo.

LGB2.6.1. Detecta mensaxes que transmiten prexuízos e evita usos lingüísticos discriminatorios.

LGB2.6.3. Elabora a súa propia interpretación sobre o significado dun texto.

LGB2.6.4. Respecta as opinións dos demais.

LGB2.7.1. Le en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados (interpreta os signos de puntuación) á situación comunicativa e á función da mensaxe.

LGB2.8.1. Elabora esquemas sinxelos para ordenar as ideas e estruturar o texto.

LGB2.8.2. Adecúa as súas producións ao rexistro formal e educativo.

LGB2.8.3. Utiliza elementos lingüísticos e discursivos de cohesión interna do texto (a deíxe, as referencias internas de tipo léxico e os conectores).

LGB2.8.4. Usa os signos de puntuación do texto en relación coa organización oracional e coa forma do texto (os parágrafos e a distribución e ordenación das ideas expresadas).

LGB2.8.5. Revisa e reescribe o texto con respecto polas regras ortográficas e morfolóxicas.

LGB2.8.6. Usa técnicas de tratamento textual coas TIC: procesadores de texto, programas de presentación, dicionarios electrónicos e correctores.

LGB2.9.1. Produce textos propios da vida cotiá e das relacións persoais: diarios, cartas persoais, avisos, solicitudes e participación en foros.

LGB2.10.1. Produce, en soporte impreso ou dixital, textos propios dos medios de comunicación a partir dun modelo (noticias).

LGB2.11.1. Produce, en formato papel ou dixital, textos de carácter educativo: cuestionarios, resumos, informes de tarefas, descricións e explicacións sobre contidos das materias curriculares.

LGB2.12.1. Produce, en formato papel ou dixital, escritos de distinta tipoloxía a partir dun modelo, fundamentalmente, narrativos e descritivos.

LGB2.12.2. Sintetiza e resume narracións e descricións sen parafrasear o texto resumido.

Bloque 3. Funcionamento da lingua.

LGB3.1.1. Utiliza un vocabulario amplo e preciso para expresarse con claridade nun rexistro axeitado á situación comunicativa.

LGB3.2.1. Recoñece e pronuncia correctamente os fonemas propios da lingua galega.

LGB3.3.1. Obtén, de xeito autónomo, información lingüística de todo tipo en dicionarios, en diferentes soportes, e noutras obras de consulta.

LGB3.4.1. Completa, transforma e valora textos orais ou escritos de maneira adecuada e correcta atendendo ás normas.

LGB3.5.1. Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.

LGB3.5.2. Aplica estratexias para a corrección lingüística, gramatical e ortográfica dos textos.

LGB3.6.1. Analiza e usa correctamente a puntuación para a cohesión textual.

LGB3.7.1. Coñece e utiliza adecuadamente substantivos e formas verbais na comprensión e produción de textos orais e escritos.

LGB3.8.1. Identifica e usa distintos tipos de conectores de espazo, oposición, contraste, así como os mecanismos gramaticais e léxicos de referencia interna que lle proporcionan cohesión a un texto.

LG3.8.2. Utiliza os elementos lingüísticos para a cohesión interna.

LG3.9.1. Completa, transforma e elabora enunciados de maneira axeitada e correcta atendendo aos compoñentes sintácticos.

LGB3.11.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, re- censión de libros e películas, obras de teatro etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.

LGB3.12.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras.

Bloque 4. Lingua e sociedade

LGB4.1.1. Valora a lingua como instrumento co cal se constrúen todos os saberes e como medio de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo a través da identificación de elementos lingüísticos de noso en diferentes contextos.

LGB4.1.2. Distingue entre linguas maioritarias, minoritarias e minorizadas e aplica estes conceptos ao caso galego.

LGB4.1.3. Coñece as linguas que se falan en España e valora a súa existencia como un elemento de riqueza cultural.

LGB4.1.5. Valora a importancia da relación de Galicia coa comunidade lusófona e coñece os territorios que a integran.

LGB4.2.1. Describe a situación sociolingüística de Galicia a partir do estudo do seu contorno (concello e comarca), compáraa coa situación doutros contextos e analiza as diferenzas

LGB4.2.2. Coñece e valora os topónimos galegos.

LGB4.3.1. Coñece as principais iniciativas normalizadoras no ámbito educativo.

LGB4.3.2. Analiza a súa propia práctica lingüística e valora a importancia de contribuír individual e socialmente á normalización da lingua galega.

LGB4.4.1. Coñece a lexislación que regula a utilización do galego e a súa promoción no ámbito educativo e local.

LGB4.5.1. Coñece o que é un prexuízo. Detecta e analiza a presenza de prexuízos de carácter estético e socioeconómico cara ao galego na súa práctica lingüística e na do seu contorno.

LGB4.6.1. Identifica e clasifica as variantes diafásicas do galego.

LGB4.6.2. Analiza a súa práctica lingüística e identifica nela os trazos propios da xerga estudiantil.

LGB4.6.3. Recoñece os trazos da variedade estándar da lingua galega e valóraa como variante unificadora.

LGB4.6.4. Rexeita os prexuízos sobre as variedades dialectais e utiliza os trazos propios da súa zona.

Bloque 5. Educación literaria

LGLB5.1.1. Le con regularidade obras literarias e desenvolve criterio lector; expón unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade e relaciona o seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos.

LGLB5.1.2. Describe o uso dos elementos propios de cada xénero literario, o punto de vista empregado e o uso estético da linguaxe nos textos literarios.

LGLB5.2.1. Le expresiva e comprensivamente e fai audicións de poemas recitados ou cantados, determina o tema principal, a estrutura xeral e pon de relevo os principais recursos estilísticos.

LGLB5.3.1. Le expresiva e comprensivamente textos narrativos breves, localiza e describe os elementos estruturais e formais máis salientables: punto de vista, tempo, espazo e personaxes principais.

LGLB5.4.1. Le dramatizada e comprensivamente, visiona pezas teatrais e recoñece os compoñentes e procedementos que caracterizan os subxéneros.

LGLB5.5.1. Compara textos pertencentes aos diferentes xéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais.

LGB.5.6.1. Analiza textos literarios, de maneira guiada, identifica os trazos dos subxéneros e a funcionalidade dos recursos retóricos

LGLB5.7.1. Escribe textos de intención estética servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula.

LGLB5.8.1. Describe e caracteriza os trazos definitorios básicos da linguaxe cinematográfica.

LGLB5.9.1. Sérvese, seguindo unhas pautas orientadoras, dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a realización de traballos e cita axeitada destes.

6.2. 4º ESO:

Os estándares que a seguir se enumeran son fundamentais: é imprescindible dominalos a nivel básico para superar a materia.

Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar

LGB1.1.1. Comprende o sentido global de textos orais dos medios de comunicación audiovisuais, identifica o propósito, a tese e os argumentos de noticias debates ou declaracións, determina o tema e recoñece a intención comunicativa do/da falante.

LGB1.1.2. Distingue as partes nas que se estruturan as mensaxes orais, o tema, así como a idea principal e as secundarias.

LGB1.1.3. Analiza criticamente tanto a forma como o contido de noticias, debates e procedentes dos medios de comunicación e recoñece a validez dos argumentos.

LGB1.2.1. Distingue entre opinión e persuasión en mensaxes publicitarias orais e identifica as estratexias de enfatización.

LGB1.3.1. Identifica a intención comunicativa, a tese e os argumentos dos debates, relatos e mesas redondas do ámbito educativo e elabora un esquema ou resumo

LGB1.3.2. Recoñece os procedementos lingüísticos para manifestarse a favor ou en contra dunha opinión ou postura.

LGB1.4.1. Identifica a intención comunicativa, a idea principal e as secundarias, de calquera texto oral, formal ou informal, producido na variante estándar ou en calquera das variedades dialectais.

LGB1.5.1. Identifica os recursos que proporcionan adecuación, coherencia e cohesión ao discurso.

LGB1.5.2. Coñece e aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral e respecta as opinións alleas.

LGB1.5.3. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal adecuada (mirada e posición do corpo), así como o autocontrol das emocións ao falar en público.

LGB1.6.1. Recoñece a emisión dunha pronuncia galega correcta, identifica os erros na produción oral allea e produce discursos orais que respectan as regras prosódicas e fonéticas da lingua galega.

LGB1.6.2. Recoñece e rexeita argumentadamente os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia propia da lingua galega.

LGB1.6.3. Usa, se a posúe, a variante dialectal propia e asúmea como a variedade habitual do seu contexto.

LGB1.7.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.

LGB1.7.2. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega (pronuncia das sete vogais, n velar e fonema fricativo palatal xordo).

LGB1.7.3. Emprega nas intervencións orais espontáneas expresións propias do galego: infinitivo conxugado e fraseoloxía adecuada

LGB1.7.4. Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado.

LGB1.8.1. Reflexiona e ten unha postura crítica ante as mensaxes discriminatorias que proveñen dos medios de comunicación.

LGB1.8.2. Rexeita argumentadamente os usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos

ou discriminacións.

LGB1.9.1. Planifica a produción oral, estrutura o contido, revisa os borradores e esquemas.

LGB1.9.2. Presenta os contidos de forma clara e ordenada e con corrección gramatical.

LGB1.9.3. Utiliza o rexistro adecuado á situación comunicativa.

LGB1.9.4. Emprega axeitadamente os elementos prosódicos e (entoación e pronuncia axeitada, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal (mirada e posición do corpo) así como o autocontrol das emocións ao falar en público.

LGB1.9.5. Emprega as TIC para documentarse bibliograficamente, revisar gramaticalmente o texto e elaborar unha presentación atractiva e innovadora.

LGB1.10.1. Recoñece erros (incoherencias, repeticións, ambigüidades, pobreza léxica, erros fonética e entoación inadecuada) nos discursos propios e alleos para evitalos nas súas producións.

LGB1.11.1. Desenvolve argumentos de forma comprensible e convincente e comenta as contribucións das persoas interlocutoras.

LGB1.11.2. Aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral, respecta as quen-das e as opinións alleas e emprega unha linguaxe non discriminatoria.

LGB1.12.1. Desenvólvese con eficacia en situacións que xorden na vida diaria así como noutras de estudo ou traballo e participa en conversas informais.

LGB2.13.1. Identifica e describe os valores da lingua oral como un instrumento útil na aprendizaxe, así como para relacionarse cos demais e enriquecerse como persoa.

Bloque 2. Comunicación escrita: ler e escribir

LGB2.1.1. Emprega pautas e estratexias que facilitan a análise do contido (resumos, ca-dros, esquemas e mapas conceptuais).

LGB2.1.2. Aplica os coñecementos lingüísticos propios (gramaticais e léxicos) e recursos alleos (dicionarios e outras fontes de documentación) para solucionar problemas de com-
prensión.

LGB2.1.3. Elabora o esquema xerarquizado de ideas dun texto.

LGB2.1.4. Deduce información global do texto a partir de contidos explícitos e implícitos.

LGB2.1.5. Entende o significado de palabras propias do rexistro culto e incorpóraas ao seu discurso.

LGB2.2.1. Identifica a intención comunicativa, o tema e os subtemas de escritos propios da vida cotiá relacionados co ámbito laboral, administrativo e comercial.

LGB2.2.2. Comprende, interpreta e valora textos propios da vida cotiá pertencentes a distin-tos ámbitos: laboral (currículo, carta de presentación, ficha de contratación en empresas e redes sociais de procura de emprego, contrato, nómina e vida laboral), administrativo (carta administrativa e solicitude ou instancia) e comercial (carta comercial, carta de reclamación e impreso administrativo de reclamación).

LGB2.3.1. Comprende textos relacionados co ámbito educativo, tanto materiais de consulta (dicionarios, glosarios, enciclopedias, etc.), como libros de texto e recursos de temas espe-cializados en internet.

LGB2.3.2. Interpreta a información de mapas, gráficas, diagramas.

LGB2.4.1. Identifica o tema e a intención comunicativa de textos argumentativos.

LGB2.4.4.2. Elabora a súa propia interpretación a partir dos argumentos expresados nun texto.

LGB2.5.1. Diferencia os trazos característicos dos textos xornalísticos de opinión: carta ao director, editorial, columna e artigo de opinión.

LGB2.5.2. Valora a intención comunicativa dun texto xornalístico e distingue entre información, opinión e persuasión.

LGB2.6.1. Comprende e interpreta as mensaxes explícitas e implícitas que transmiten os textos publicitarios dos medios de comunicación (anuncios).

LGB2.6.2. Reflexiona e ten unha postura crítica ante as mensaxes persuasivas que proveñen dos medios de comunicación.

LGB2 7.1. Reflexiona sobre os usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos ou mensaxes discriminatorias.

LGB2.7.2. Detecta prexuízos e mensaxes discriminatorias implícitas nos textos de medios de comunicación con especial atención á publicidade.

LGB2.8.1. Selecciona contidos, analiza información e extrae conclusións a partir da consulta de materiais en distintos soportes.

LGB2.8.2. Sérvese dos recursos que ofrecen as bibliotecas ou as TIC para integrar os coñecementos adquiridos nos seus escritos.

LGB2.9.1. Utiliza distintas técnicas de planificación para organizar o seu discurso (diferentes tipos de esquemas e mapas conceptuais) .

LGB2.9.2. Utiliza o rexistro adecuado en función da tipoloxía textual e do acto comunicativo.

LGB2.9.3. Ordena as ideas e estrutura os contidos en unidades sintácticas consecutivas e encadeadas con conectores e outros elementos de cohesión.

LGB2.9.4. Coñece as regras ortográficas e as normas morfosintácticas e sérvese das ferramentas lingüísticas ao seu alcance (correctores, dicionarios e gramáticas) para aplicarlas correctamente.

LGB2.9.5. Revisa o texto para comprobar que a organización dos contidos do texto é correcta e que non se cometen erros ortográficos, gramaticais, de formato ou de presentación.

LGB2.10.1. Usa as TIC para a corrección dos textos: corrector ortográfico do procesador de textos, dicionarios en liña e outras páxinas especializadas no estudo da lingua galega.

LGB2.11.1. Produce, respectando as súas características formais e de contido, e en soporte tanto impreso como dixital, textos propios da vida cotiá pertencentes a distintos ámbitos: laboral (currículo, carta de presentación, ficha de contratación en empresas e redes sociais de procura de emprego), administrativo (carta administrativa e solicitude ou instancia) e comercial (carta comercial, carta de reclamación e impreso administrativo de reclamación).

LGB2.12.1. Crea, en soporte impreso ou dixital, cartas á dirección e columnas de opinión.

LGB2.13.1. Elabora, en soporte impreso ou dixital, textos argumentativos, redactados a partir da información obtida de distintas fontes.

LGB2.13.2. Crea, en soporte impreso ou dixital, un texto argumentativo propio a partir dun tema dado sen documentación previa.

LGB2.13.3. Sintetiza a información e resume textos argumentativos sen repetir nin parafrasear o texto de partida.

LGB2.14.1. Identifica e describe os valores da escritura non só como una ferramenta para organizar os pensamentos senón tamén como un instrumento para relacionarse cos demais e enriquecerse como persoa.

Bloque 3. Funcionamento da lingua

LGB3.1.1. Recoñece, explica e usa un léxico amplo e preciso de diferentes categorías gramaticais.

LGB3.1.2. Recoñece, explica e usa fraseoloxía diversa da lingua galega nas súas producións orais e escritas.

LGB3.2.1. Recoñece e usa correctamente as formas verbais e as perífrases verbais da lingua galega e distingue os diversos tipos.

LGB3.3.1. Recoñece e explica os procedementos de creación de palabras.

LGB3.3.2. Crea palabras novas utilizando os procedementos de creación léxica.

LGB3.3.3. Recoñece os valores de prefixos e sufixos e as súas posibilidades combinatorias para crear novas palabras.

LGB3.4.1. Recoñece e usa adecuadamente a fonética da lingua galega, con especial atención á entoación, ás vogais de grao medio e ao n velar.

LGB3.5.1. Usa eficazmente os dicionarios e outras fontes de consulta, tanto en papel como en soporte electrónico, especialmente sobre cuestións de uso (semántico e sintáctico) e de normativa, para resolver dúbidas, e para progresar na aprendizaxe autónoma e para ampliar o seu vocabulario.

LGB3.6.1. Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega nos discursos orais e escritos.

LGB3.7.1. Analiza e usa correctamente a puntuación, de acordo coa cohesión sintáctica.

LGB3.8.1. Recoñece enunciados e identifica a palabra nuclear que o organiza sintáctica e semanticamente.

LGB3.8.2. Recoñece a estrutura interna das oracións, identificando o verbo e os seus complementos.

LGB3.8.3. Respecta a orde correcta dos elementos da estrutura sintáctica galega.

LGB3.8.4. Clasifica oracións segundo a natureza do predicado.

LGB3.8.5. Usa a terminoloxía sintáctica correcta.

LGB3.9.1. Recoñece, explica e usa os nexos textuais de causa, consecuencia, condición, hipótese e os conclusivos, así como os mecanismos gramaticais e léxicos de cohesión interna.

LGB3.10.1. Identifica a estrutura do texto, en construcións propias e alleas.

LGB3.10.2. Xustifica argumentadamente a división en parágrafos de textos propios e alleos.

LGB3.10.3. Identifica a progresión temática en textos propios e alleos.

LGB3.10.4. Elabora textos cunha estrutura apropiada, divididos en parágrafos e empregando os mecanismos de progresión temática.

LG3.11.1. Identifica e describe a estrutura e os trazos lingüísticos dos diferentes xéneros textuais, especialmente nos argumentativos, e aplícaos nas producións propias.

LGB3.11.2. Recoñece nun texto, e emprega nas producións propias, os distintos procedementos lingüísticos para a expresión da subxectividade.

LGB3.12.1. Xustifica a adecuación das producións en función do contexto, do tema e do xénero textual.

LGB3.12.2. Elabora producións lingüísticas cunha adecuación apropiada ao contexto, ao tema e ao xénero textual.

LGB3.13.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, re-

censión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.

Bloque 4. Lingua e sociedade

LGB4.1.1. Valora a lingua como medio de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo e argumenta fundamentadamente e cun discurso propio a súa postura.

LGB4.1.2. Valora o plurilingüismo inclusivo, desde a lingua propia, como expresión da riqueza cultural da humanidade e argumenta cun discurso propio a súa postura.

LGB4.1.3. Coñece os territorios que forman parte da comunidade lusófona e sabe describir a súa importancia dentro das linguas do mundo no século XXI.

LGB4.2.1. Coñece e describe a lexislación estatal e autonómica básica en materia lingüística.

LGB4.2.2. Describe acertadamente con criterios sociolingüísticos a situación galega actual.

LGB4.2.4. Describe a situación sociolingüística de Galicia e emprega a terminoloxía apropiada.

LGB4.2.5. Analiza as tendencias de evolución da lingua galega a partir da situación sociolingüística actual.

LGB4.3.1. Identifica os procedementos de normalización e argumenta axeitadamente a necesidade de continuar con este proceso na lingua galega.

LGB4.3.2. Distingue normativización e normalización e explica axeitadamente cada fenómeno.

LGB4.3.3. Analiza a súa propia práctica lingüística e valora a importancia de contribuír individual e socialmente á normalización da lingua galega.

LGB4.3.4. Coñece os principais axentes normalizadores en Galicia e valora a súa importancia.

LGB4.4.1. Recoñece os principais elementos da evolución da lingua galega desde 1916 ata a actualidade.

LGB4.4.2. Recoñece os acontecementos relevantes da historia social da lingua galega desde 1916 e elabora textos expositivos sobre as diferentes etapas.

LGB4.4.3. Identifica as causas dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega desde 1916.

LGB4.4.4. Identifica as consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega desde 1916.

LGB4.4.5. Interpreta gráficos, táboas, textos e información dos medios e das TIC, relacionados coa historia social da lingua galega desde 1916.

LGB4.5.1. Describe a situación sociolingüística e legal das linguas de España e analiza criticamente textos (literarios e xornalísticos), gráficos ou documentos audiovisuais que traten sobre a situación sociolingüística do Estado español.

LGB4.6.1. Sinala os prexuízos lingüísticos atribuíbles a calquera lingua e especialmente á galega e rebáteos cunha argumentación axeitada.

LGB4.6.2. Analiza a opinión propia sobre as linguas, detecta os prexuízos, en caso de os ter, e rebáteos argumentadamente.

LGB4.7.1. Recoñece os principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas da lingua galega.

LGB4.7.2. Recoñece os trazos da variedade estándar da lingua galega.

LGB4.7.3. Valora a lingua estándar como variedade unificadora.

LGB4.7.4. Valora as variedades xeográficas da lingua galega como símbolo de riqueza lingüística e cultural e rexeita fundamentadamente calquera prexuízo sobre a variación dia-tópica.

LGB4.7.5. Recoñece as variedades diastráticas e diafásicas da lingua galega e describe o influxo da situación sociolingüística nelas.

Bloque 5. Educación literaria

LGLB5.1.1. Identifica os distintos períodos e xeracións da literatura galega de 1916 ata a actualidade.

LGLB5.1.2. Comprende e explica razoadamente os distintos períodos da literatura galega de 1916 ata a actualidade sinalando os seus principais trazos característicos.

LGLB5.2.1. Selecciona, seguindo criterios razoados, obras representativas da literatura galega de 1916 ata a actualidade para a súa lectura.

LGLB5.2.2. Le autonomamente obras ou textos representativas da literatura galega de 1916 ata a actualidade, resume o seu contido, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente.

LGB5.2.3. Comenta, de forma guiada ou libre, textos de obras da Literatura galega desde 1916 ata a actualidade, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente.

LGLB5.2.4. Compara textos literarios dun mesmo período ou de diferentes períodos atendendo aos seus principais contidos, sinala os seus trazos característicos definitorios e pon todo en relación co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período ou períodos.

LGLB5.3.1. Le expresiva, compresiva e/ou dramatizadamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.

LGLB5.3.2. Participa con proveito de audicións de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade e escribe/debate, argumentadamente, sobre os seus valores literarios.

LGLB5.4.1. Elabora traballos individual e/ou colectivamente nos que se describen e analizan textos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.

LGLB5.5.1. Consulta fontes de información variadas para a realización de traballos e cita axeitada destas.

LGLB5.5.2. Emprego de diferentes recursos das TIC para a realización de traballos e cita axeitada destes.

LGLB5.6.1. Crea ou recrea textos de intención literaria partindo das características dos traballos na aula.

LGLB5.6.2. Desenvolve o gusto pola escrita como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os sentimentos e xuízos.

7. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS.

7.1. PRINCIPIOS METODOLÓXICOS:

As leis educativas establecen que a metodoloxía didáctica debe favorecer a capacidade do

alumnado para aprender por si mesmo, para traballar en equipo e para aplicar os métodos apropiados de investigación, destacando a relación dos aspectos teóricos das materias coas súas aplicacións prácticas.

En coherencia enténdese que o proceso de aprendizaxe debe partir do nivel de desenvolvemento do alumnado e das súas aprendizaxes previas; asegurar a construción de aprendizaxes significativas a través da mobilización dos seus coñecementos previos e da memorización comprensiva; posibilitar que os alumnos e as alumnas realicen aprendizaxes significativas por si mesmos/as e actualicen os seus coñecementos; proporcionar situacións de aprendizaxe cun enfoque práctico-interpretativo, que teñan sentido para o alumnado, co fin de que resulten motivadoras; atender á diversidade e contribuír á formación da personalidade seguindo pautas democráticas. Na aplicación destes principios, dásele á materia unha orientación aplicada e instrumental; privilexiando o desenvolvemento da capacidade de expresión e comprensión tanto oral como escrita, prestando especial atención a cuestións normativas, e ao emprego de técnicas de busca, análise e representación da información.

Nalgúns aspectos da área, fundamentalmente naqueles que perseguen as habilidades de comunicación entre iguais e o desenvolvemento da expresión e comprensión oral, o traballo en grupo colaborativo achega, ademais do adestramento de habilidades sociais básicas e o enriquecemento persoal desde a diversidade, unha plataforma inmejorable para adestrar a competencia comunicativa.

Cómpre centrarse no dominio dos aspectos metodolóxicos da área: desde a análise gramatical ata a obtención e o tratamento da información pasando polo comentario de textos, tanto literarios como doutra natureza (científicos, xornalísticos, publicitarios...).

O papel da docente non é unicamente o de transmisor de coñecementos ou de contestador/visor das actividades, senón que ten un rol moito máis activo e dinamizador, que apoia o alumnado de cara á procura de información e á resolución de dúbidas. Trátase de fomentar o dominio dun conxunto de métodos, técnicas e estratexias que son esenciais no desenvolvemento social, profesional e académico do alumnado.

7.2. ORIENTACIÓN METODOLÓXICA DESTA PROGRAMACIÓN:

O enfoque metodolóxico caracterízase polos seguintes eixos básicos:

Potenciación da práctica oral.

Partindo do nivel de competencia lingüística do alumnado, promóvense as diferentes destrezas de comunicación oral baseadas en diferentes tipos de actividades: a reflexión sobre mensaxes orais intercambiadas en procesos de comunicación reais (reproducidos en audiovisuais) e a produción de textos orais de diversa natureza, diferenciando o espontáneo do planificado, salientando as normas que rexen o intercambio comunicativo, reflexionando sobre os usos sociais das linguas da nosa comunidade, rexistros etc.

Atención á lingua escrita.

O traballo desenvólvese fundamentalmente baseado en dous tipos de actividades:

- A comprensión e análise de textos (textos da vida cotiá, dos medios de comunicación, literarios, administrativos...) atendendo ás circunstancias da comunicación, ás características específicas dos diferentes tipos de texto, á organización etc.
- A produción de textos escritos de diferentes tipos atendendo a distintos aspectos: presentación, ortografía, organización lóxica, léxico preciso, corrección morfosintáctica ...

A lingua como obxecto de reflexión.

As regras do funcionamento da lingua son sempre tratadas ao servizo da mellora da competencia comunicativa do alumnado. Con todo, sen converter a gramática nun compartimento estanco da materia, é necesaria a reflexión sistemática sobre os mecanismos da lingua. Esta reflexión é xeralmente practicada ao fío das actividades de comprensión e produción dos textos e non como unha exposición teórica illada.

Apertura aos medios de comunicación.

Foméntanse as actividades encamiñadas a converter o alumnado en receptor crítico das mensaxes dos medios de comunicación. Dada a importancia que estes teñen na vida actual boa parte do traballo desenvolvido nas aulas pon en relación os diferentes contidos tratados cos medios de comunicación de masas.

Fomento de actitudes positivas cara á lingua.

A eliminación de actitudes baseadas nos prexuízos lingüísticos sobre as linguas deberá ocupar un espazo importante na didáctica da materia, dado que é un problema presente na nosa sociedade co que se enfronta o proceso de normalización lingüística. Neste sentido, a través de actividades orais e escritas incidirase na extensión do uso do galego a todas as funcións, na observación e análise do reparto funcional inxustificable; na eliminación das interferencias lingüísticas entre galego e castelán procurando unha mellora no uso das dúas linguas e no fomento do respecto cara ás opcións lingüísticas non coincidentes coa propia.

A atención ao feito literario.

Un importante obxectivo da área é fomentar o hábito de lectura no alumnado, valorando os textos como fonte de pracer e coñecemento e atendendo ao seu valor estético e cultural. Nesta dirección realízanse diferentes actividades sobre os períodos e autoras/es estudadas/os, como comentar textos literarios de épocas, estilos e xéneros diferentes; procúrase non converter a práctica do comentario nunha mera reflexión estilística e salientase a lectura expresiva dos textos, a contextualización histórica, o comentario oral e/ou escrito sobre o contido, a análise global das características dos diferentes xéneros ...).

Plan de lectura

As lecturas propostas para a ESO pertencen na súa maioría a diferentes autoras/es de literatura infantil e xuvenil, incluíndose tanto obras escritas en galego como traducións. Tamén se suxiren textos clásicos da nosa literatura.

A lista de obras propostas, obrigatorias e voluntarias, en ningún caso é pechada, nin pretende limitar as eleccións dos alumnos e alumnas; confeccionouse tendo en conta as preferencias manifestadas en cursos anteriores e o interese didáctico destas. É, simplemente, orientativa e pode ampliarse con outras obras.

7.3. METODOLOXÍA NUN ENSINO NON PRESENCIAL OU SEMIPRESENCIAL.

A maioría das estratexias metodolóxicas que se citan anteriormente seguirán vixentes durante un hipotético período de ensino semipresencial ou non presencial, e serán a referencia no deseño do labor docente. Procurarase que o alumnado, a pesar das circunstancias excepcionais, manteña a motivación e se implique no seu proceso de aprendizaxe, fomentando a súa capacidade de autoorganización e autoavaliación.

O medio telemático principal para impartir a docencia semipresencial ou non presencial será a aula virtual do centro. Ademais, tamén se contempla a posibilidade de realizar videoconferencias a través de Cisco Webex para corrixir tarefas, aclarar dúbidas... O alumnado poderá comunicarse coa profesora a través da aula virtual ou do correo electrónico corporativo.

A través destes medios propóranse distintas tarefas que reforcen os contidos xa vistos durante a actividade presencial e tamén se seguirá desenvolvendo o currículo. Procurarase axustar o tempo necesario para a realización das mesmas aos períodos de clase semanais de lingua galega de cada nivel educativo.

Cada tarefa irá acompañada dunha breve exposición do contido que se vaia traballar ou incluírá referencias aos apuntamentos ou a outras ligazóns con videotutoriais nos que o alumnado poderá consultar e/ou revisar e reforzar o tema proposto. En casos necesarios, estes contidos completaranse con esquemas, ligazóns a dicionarios ou gramáticas dixitais, publicacións audiovisuais dispoñibles na rede etc. Todo este proceso acompañarase do asesoramento a través do correo electrónico ou os foros da aula virtual. Procurarase que os contidos fagan referencia aos distintos bloques da materia, incidindo naqueles que supoñen unha mellor adquisición das competencias básicas (comprensión textual e expresión, sobre todo).

As actividades de aprendizaxe serán adaptadas no que se refire a medios, tempos, instrumentos ou procedementos de avaliación para atender a diversidade do alumnado.

Canto ás lecturas, considérase que non debe suprimirse a lectura de obras literarias nos seus diversos xéneros, e que debe manterse tamén a posibilidade de lecturas voluntarias. A lectura é un recurso moi importante para a aprendizaxe da lingua e da literatura; débese fomentar que os alumnos e as alumnas lean na nosa lingua e ofrecer o número suficiente de opcións para satisfacer os gustos diversos dun alumnado con pouco hábito de lectura en lingua galega. Non se debe esquecer a diversidade que hai na aula e achegar, nalgúns casos, lecturas máis sinxelas para algún alumnado con necesidades especiais. As obras de lectura poderán ser modificadas se o alumnado non dispón delas, ou seren substituídas por outras de acceso online gratuíto ou ben por algunha das que poidan ter no seu domicilio.

A docente levará un rexistro de todas as actividades e tarefas realizadas, así como das intervencións feitas a través da aula virtual ou nas sesións de videoconferencia.

De maneira coordinada coas titoras e titores dos grupos, establecerase contacto co alumnado que non estea a participar adecuadamente no proceso de aprendizaxe. Ademais, serán puntualmente informadas desta situación as familias, a través dos medios de contacto habituais entre estas e o centro. Se se considerase necesario, e sempre a través da tutoría, solicitarase a intervención do Departamento de orientación ou da Dirección do centro, co fin de adoptar medidas que contribúan a mellorar a motivación ou as condicións de traballo do alumnado que, por algunha razón, abandone total ou parcialmente a realización das tarefas do curso.

7.4. METODOLOXÍA PARA O PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O PECHE DA TERCEIRA AVALIACIÓN PARCIAL E A AVALIACIÓN FINAL DE XUÑO.

Alumnado con avaliación positiva nas tres avaliacións:

Unha vez realizada a terceira avaliación parcial e feita a media aritmética das tres avaliacións, o alumnado con todo aprobado realizará actividades de repaso e ampliación.

Os alumnos e as alumnas poderán subir ata 0,50 á cualificación final se realizan correctamente as tarefas propostas pola docente a partir do 7 de xuño: un traballo sobre un libro de

lectura voluntaria ou actividades de investigación sobre contidos do currículo.

Alumnado que teña algunha ou todas as avaliacións suspensas:

O alumnado con unha avaliación suspensa (nunca a terceira) aprobará a materia se a media aritmética das tres avaliacións dá como resultado unha cualificación mínima de 5 puntos. Con todo, a partir do 6 ou 7 de xuño terá que facer os exercicios de reforzo que se lle indiquen.

Os alumnos e alumnas que non acaden unha cualificación mínima de 5 puntos na media aritmética das tres avaliacións deberán facer un exame escrito de recuperación das avaliacións que teñan suspensas ou un exame escrito final de recuperación de toda a materia. A este alumnado proporáselle a realización de actividades de apoio, reforzo e recuperación dende o 6 de xuño para que poida preparar os exames de recuperación.

As alumnas e os alumnos traballarán con fichas de actividades elaboradas pola docente e co libro de texto de cada curso.

8. INSTRUMENTOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN.

Promoverase o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe.

Levarase a cabo un rexistro sistemático e organizado do traballo do alumnado, co fin de efectuar unha avaliación eficaz e o máis obxectiva posible do seu rendemento académico.

Os instrumentos e procedementos de cualificación non se limitarán á realización de probas puntuais colectivas, senón que terán en conta as actividades habituais do alumnado e a observación sistemática feita fundamentalmente mediante fichas de seguimento individual, nas que se recollan os datos referentes aos bloques de contido da área e nas que se valorarán os criterios de avaliación xerais observables nos traballos avaliados.

De seguido, achégase unha descrición dos principais instrumentos e procedementos de avaliación cos cales se obterá a cualificación do alumnado en cada avaliación:

a. Exames escritos sobre os contidos das distintas unidades didácticas.

Avaliaranse os estándares de aprendizaxe mediante a realización de dous exames escritos en cada avaliación, que comprenderán sempre cuestións referidas aos distintos bloques de contidos. Estas probas escritas partirán dun modelo máis ou menos estandarizado con exercicios e/ou preguntas de léxico, ortografía, gramática, lingua e sociedade, literatura e expresión escrita, correspondentes ás unidades traballadas en cada avaliación. Nelas haberá exercicios prácticos, con preguntas de completar, relacionar, reflexionar, explicar etc. e tamén outras de desenvolver aspectos temáticos. En cada unha das actividades destes exames constará a súa puntuación. Aplicaranse criterios de corrección do uso escrito da lingua: faltas de ortografía, carencias na presentación, erros de puntuación e redacción, impropiedades léxicas e gramaticais, interferencias ou rexistro non adecuado.

Estas probas representan o 70 % da cualificación de cada avaliación.

b. Probas de control do libro de lectura obrigatoria.

En cada avaliación realizarase unha proba de control do libro de lectura obrigatoria correspondente con varias preguntas -indicarase a puntuación- onde terán que demostrar a capacidade de comprensión global, de síntese, de interpretación e de reflexión sobre o contido. Tamén se avaliará a expresión, polo que se descontará por erros ortográficos, morfosintácticos ou léxicos. Estes exames puntuaranse sobre 10 puntos e para aprobar é necesario

obter un mínimo de cinco puntos. A valoración do libro de lectura obrigatoria suporá o 15% da nota final.

c. Observación das intervencións orais na aula e escala de valoración das exposicións orais.

A competencia oral do alumnado, correspondente ao bloque de expresión oral e comprensión oral, avaliarase mediante a observación diaria das súas intervencións na aula e recollerase a información nas súas fichas. Ademais, os/as alumnos/as deberán realizar unha exposición oral, individual ou en grupo, en cada avaliación. Para avaliar esta actividade, que se corresponde cunha nota máxima de 0,80 puntos, empregaranse escalas de valoración cos seguintes criterios: adecuación, interacción, coherencia e cohesión, pronuncia e entoación, gramática, sintaxe e léxico.

d. Valoración da actitude e do traballo diario.

Será levada a cabo a través dos seguintes medios:

- Control e rexistro do traballo do alumnado no caderno da profesora, a través da revisión e corrección diaria de exercicios feitos na aula e na casa.
- Revisión periódica dos cadernos ou apuntamentos comprobando a realización das tarefas propostas e o nivel de corrección, presentación etc. Esta práctica será levada a cabo cando menos no primeiro ciclo da ESO. A revisión do caderno de actividades do alumnado proporcionará datos sobre a súa comprensión, a expresión escrita, o desenvolvemento das actividades propostas, o emprego de fontes de información e documentación, os hábitos de traballo e de estudo diario.
- Corrección e valoración de textos e traballos elaborados na aula ou na casa (resumos, esquemas, redaccións ...)
- Observación e rexistro da actitude do alumnado na aula: a atención, a constancia no traballo, o cumprimento das normas, a participación, a valoración e uso da lingua galega, ou o interese por aprender e mellorar.

Cada negativo que se rexistre nas fichas dos alumnos e alumnas restará 0,10 da cualificación deste apartado que equivale a 0,70 da cualificación.

e. Exames de recuperación.

As recuperacións das avaliacións suspensas realizaranse mediante exames escritos nas semanas seguintes a que se peche cada avaliación.

En xuño, despois da terceira avaliación parcial, no caso de non superar algunha avaliación, haberá probas finais escritas sobre os contidos e competencias da avaliación ou as avaliacións en cuestión. Os/as alumnos/as que teñan unha ou dúas avaliacións suspensas recuperarán esas avaliacións; os/as que teñan tres avaliacións suspensas farán un exame de todos os contidos do curso.

Todos os exames de recuperación puntuaranse de 0 a 10 puntos e penalizarase por cometer erros lingüísticos (ortográficos, morfosintácticos e léxicos) segundo o establecido para cada curso. Ademais, nestas probas tamén se poderán facer preguntas sobre os libros de lectura obrigatoria.

f. Actividades de carácter voluntario.

A realización de traballos, tarefas ou lecturas de carácter voluntario por parte do alumnado será tida en conta na súa cualificación final, sempre que a avaliación estea aprobada; a valoración máxima será un punto, dependendo da calidade do traballo, da implicación etc. A profesora indicará as pautas a seguir en cada caso concreto.

Propoñeranse obras de lectura voluntaria en cada avaliación, que serán valoradas a través de actividades que lle esixan ao alumnado a utilización das capacidades de síntese, estruturación, comprensión escrita e interpretación dos textos lidos, así como da capacidade para elaborar unha opinión propia razoada; isto é: exposición oral, probas orais ou escritas, elaboración de fichas, resumos ou recensións, traballos sobre determinados aspectos da obra etc. O alumnado poderá ler ata dous libros voluntarios en cada avaliación. Cada libro valerá 0,50 puntos. Deberán ter aprobado o exame do libro de lectura obrigatoria para poder subir nota con libros voluntarios.

Asemade, as actividades voluntarias - como por exemplo, participación en concursos, revistas, blogs, exposicións etc.- veranse reflectidas cunha cualificación positiva na nota da avaliación, sempre que a avaliación estea aprobada.

Ademais, seguindo a proposta da LOMCE, o alumnado deberá ser avaliado das seguintes Competencias Clave: Lingüística, Matemática e científico-tecnolóxica, Dixital, Aprender a aprender, Social e cívica, Conciencia e expresión cultural. Algunhas delas son inherentes á propia materia (lingüística, conciencia e expresión cultural) ou aparecen no transcurso das clases ou no desenvolvemento do curso (social e cívica, aprender a aprender). Para o resto propoñeranse exercicios, traballos ou proxectos que nos permitan valoralas. Para a obtención da dita nota empregaranse diversos instrumentos, principalmente: actividades de clase, test e exames de avaliación dos contidos ou a observación do traballo.

Tanto os procedementos como os instrumentos de avaliación serán os mesmos, independentemente de que a docencia sexa presencial ou a distancia.

As probas obxectivas, cando non poidan realizarse presencialmente, levaranse a cabo por medios telemáticos, aínda cando iso, en moitos casos, poida deixarnos en situación de vulnerabilidade, na medida en que quedamos sen forma de demostrar os casos fraudulentos. Nestas probas tamén se descontará por erros ortográficos, morfosintácticos e léxicos, conforme ao establecido.

Ademais, a fin de evitar comportamentos fraudulentos, será imprescindíbel para o alumnado respectar absolutamente os prazos de entrega tanto de tarefas como de probas, aínda que, nestas últimas, caso de se realizaren en tempo real, se conte sempre cunha flexibilidade mínima razoábel para o caso de existir, verdadeiramente, algún problema técnico.

Controlarase o traballo realizado polo alumnado e rexistraranse nas súas fichas datos procedentes de:

- Revisión e corrección individual ou colectiva das tarefas feitas por cada alumno/a. Valorase positivamente a autonomía do alumno/a á hora de realizar os exercicios, e a calidade e a orixinalidade das súas tarefas. Cualifícanse de xeito negativo tarefas fraudulentas, copiadas doutros/as compañeiros/as ou de Internet, e exercicios feitos moi por encima da capacidade e nivel do ou da estudante. As actividades non poderán ser entregadas fóra dos prazos indicados sen unha xustificación.
- Actitude: uso da lingua galega, esforzo por mellorar e aprender, as interaccións coa profesora a través do correo ou da aula virtual, a constancia no traballo ou a participación, en caso de habelas, nas videoconferencias en Cisco Webex.

- Probas telemáticas orais e/ou escritas da materia e dos libros de lectura obrigatoria ou voluntaria.

Dado que, no caso da docencia non presencial, é previsíbel que aumente a fraude ou a tentativa de fraude, en caso de sospeita fundada, a profesora poderá requirir a ese alumnado a realización de tarefas e probas adicionais.

En caso de que haxa algún/ha alumno/a que estea confinado/a por mandato do seu médico/a, fará os exames cando se incorpore e deberá presentar as tarefas que se lle propoñan a través da aula virtual.

9. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, A CUALIFICACIÓN E A PROMOCIÓN.

Seguindo o establecido na ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación secundaria obrigatoria, a avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será continua, formativa e integradora. Ademais, a avaliación tamén será competencial e terá en conta a relación que se establece no currículo entre os estándares de aprendizaxe, detallados en cada bloque e as competencias clave.

Na avaliación e cualificación, os criterios principais de aplicación en todas as avaliacións serán:

1. O nivel de coñecementos adquirido polo alumnado, é dicir, adquisición do grao mínimo dos estándares de aprendizaxe avaliábeis.
2. O dominio da lingua escrita, que inclúe a competencia para producir textos coherentes e con corrección morfosintáctica, léxica ou ortográfica, así como a competencia para comprender e analizar textos de diversa tipoloxía.
3. O dominio da lingua oral terá que ser demostrado a través de diversas actividades.
4. O traballo e o esforzo persoais, en tanto que valores fundamentais do individuo na sociedade, tamén serán tidos en conta á hora da avaliación.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

A avaliación da aprendizaxe do alumnado farase en función do seguinte baremo en cada unha das avaliacións:

- **70% → Probas escritas:** 7 puntos

Haberá dous exames escritos por avaliación, nos que estarán presentes os distintos bloques de contidos da materia. Esixirase un nivel de expresión correcto e axeitado (coherencia, cohesión e adecuación). Penalizarase por erros ortográficos, morfosintácticos e léxicos segundo o que queda establecido para cada curso máis adiante. Nas probas figurará a puntuación debidamente indicada en cada exercicio.

- **15% → Proba escrita sobre un libro de lectura obrigatoria por trimestre:** 1,5 puntos.

O alumnado terá que demostrar nun exame escrito a capacidade de comprensión global, de síntese, de interpretación e de reflexión sobre o contido do libro. Ademais, valorarase a expresión escrita (coherencia, cohesión e adecuación). Descontarase por erros ortográficos, morfosintácticos e léxicos, igual ca nos exames de contidos.

- **15 % → Exposición oral e seguimento do traballo diario e da actitude.**

- **Exposición oral:** 0,80 (8%).

A avaliación da expresión oral realizarase, principalmente, mediante exposicións orais planificadas. O alumnado terá que facer unha exposición oral, individual ou en parella, en cada

trimestre. Esta cualificarase a través dunha escala de valoración.

▪ **Actitude e traballo diario tanto na clase como na casa:** 0,70 (7%).

A través da observación recolleranse na ficha de cada alumno/a datos relativos a: uso correcto da lingua galega na clase; realización das actividades da aula e das tarefas encomendadas para a casa; coidado, corrección e presentación do caderno; traballos orais ou escritos, individuais ou en grupo; atención, participación, constancia e esforzo no traballo, e puntualidade na entrega das tarefas. O alumnado contará coa máxima puntuación (0,70) neste apartado sempre e cando non teña ningún negativo na súa ficha de recollida de datos. Cada negativo restará 0,10.

Ademais, o alumnado terá a posibilidade de subir nota coa lectura de **libros voluntarios**. Poderá ler ata dúas lecturas que sumarán **0,50** cada unha á nota final de cada avaliación. Como xa se sinalou anteriormente, se o/a alumno/a non aprobou o exame do libro obrigatorio, non terá dereito a presentarse á proba do libro voluntario.

En todos os exames e traballos aplicaranse **criterios de corrección** do uso escrito e oral da lingua: faltas de ortografía, carencias na presentación, erros de puntuación e redacción, impropiedades léxicas e gramaticais, interferencias ou rexistro non adecuado. O grao de penalización nunca excederá os dous puntos.

Así pois, en cada proba escrita (cualificada ata 10 puntos) restarase 0,10 por cada un dos erros cometidos: ortográficos, morfosintácticos e léxicos. En **1º ESO e 2º ESO descontarase da cualificación ata un máximo de 1,5 puntos** e en **3º ESO e 4º ESO ata un máximo de 2 puntos**.

O uso de calquera caste de medio fraudulento na realización das probas, presenciais ou telemáticas, implicará a obtención automática dun cero como cualificación no exame.

Se algún alumno ou alumna falta a un exame, este/a deberá presentar un xustificante cando se incorpore para poder facer esa proba.

De maneira xeral será considerado/a un/unha alumno/a aprobado/a cando consiga os obxectivos ao final do curso, de xeito que é posible que supere o curso aínda suspendendo algún dos trimestres iniciais. É dicir, deberá aprobar, como mínimo a primeira ou segunda avaliación e sempre a terceira avaliación.

A cualificación final de xuño será a media aritmética da cualificación obtida nas tres avaliacións. Para aprobar é preciso acadar unha **nota media mínima de 5 puntos**.

En canto ás **recuperacións**, estas faranse nas semanas seguintes a rematar cada avaliación.

Os exames de recuperación puntuaranse de 0 a 10 puntos. Nestas probas descontarase por erros ortográficos, léxicos ou morfosintácticos segundo o establecido para o resto de exames realizados durante o curso. Poderán facerse preguntas dos libros de lectura obrigatoria. Para aprobar cada unha das recuperacións o alumnado debe obter unha cualificación mínima de 5 puntos.

Para calcular a nota da avaliación final de xuño utilizarase a cualificación da avaliación suspenso se é superior á nota do exame de recuperación.

O período abranguido entre o peche da terceira avaliación parcial e a avaliación final de xuño dedicarase a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría. Nese sentido, para o alumnado que teña unha parte da materia ou todo sen superar logo de

realizada a terceira avaliación parcial, poderá recuperar a través de exames escritos.

O alumnado que teña unha ou dúas avaliacións suspensas terá que facer un exame escrito para recuperar cada unha. Estas probas puntuaranse de 0 a 10 puntos e para aprobar hai que obter unha nota igual ou superior a 5 puntos.

Aqueles alumnos e alumnas que suspendesen as tres avaliacións deberán facer un exame escrito final de recuperación de toda a materia. Esta proba puntuarase de 0 a 10 puntos e para aprobar hai que acadar unha nota mínima de cinco puntos.

En todos estes exames de recuperación descontarase por erros ortográficos, morfosintácticos ou léxicos segundo o establecido para cada curso.

Todas as probas de recuperación terán como referente os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe, segundo o que se indica para cada curso na programación didáctica.

A cualificación da avaliación final será a media aritmética das cualificacións obtidas nas tres avaliacións. Para aprobar é preciso obter unha nota media mínima de 5 puntos. Para o cálculo da nota media, teranse en conta as cualificacións aritméticas reais, sen aproximar, obtidas nas tres avaliacións.

Ao alumnado que teña aprobadas as tres avaliacións, antes da avaliación final de xuño, poderáselle subir ata 0,50 á cualificación final se realiza correctamente o traballo proposto pola docente as últimas semanas de curso: un traballo sobre un libro de lectura voluntaria ou actividades de investigación sobre contidos do currículo.

O alumnado con unha avaliación suspensa (agás a terceira) non terá que realizar ningunha proba escrita de recuperación se a media aritmética das tres avaliacións dá como resultado unha cualificación igual ou superior a 5 puntos.

No caso dos alumnos e alumnas que tivesen que facer a recuperación dalgunha avaliación ou de toda a materia:

-Alumnado con unha (se non lle dá a media para aprobar) ou dúas avaliacións suspensas: faise a media aritmética das tres avaliacións e esta ten que dar como mínimo 5 puntos para aprobar a materia. Se o/a alumno/a suspendeu algunha das recuperacións, para facer a media collerase a cualificación máis alta, a do exame de recuperación ou a da avaliación suspensa.

-Alumnado con todas as avaliacións suspensas: para aprobar debe obter como mínimo 5 puntos no exame de recuperación final. Se non é así, na avaliación ordinaria xuño suspenderá a materia coa cualificación máis alta obtida: a nota media das tres avaliacións suspensas ou a nota do exame de recuperación final.

Na avaliación final de cada curso realizarase unha valoración das competencias clave. Os resultados expresaranse nos termos de insuficiente (IN), para as cualificacións negativas, e suficiente (SU), ben (BE), notable (NT) ou sobresaliente (SB), para as cualificacións positivas.

Con respecto aos criterios de cualificación en caso de docencia semipresencial ou non presencial, cómpre sinalar que o departamento non considera que a modalidade de docencia que se teña que levar a cabo interfira de ningunha maneira na validez dos criterios de cualificación. Por iso, os criterios anteriores serán aplicados independentemente de que a docencia sexa presencial, semipresencial ou a distancia, a menos, evidentemente, que instancias superiores ao departamento determinen outros.

En relación aos criterios de promoción do alumnado, estes non dependen directamente dos departamentos didácticos, senón da lexislación vixente, que establece os criterios para pasar de curso ou titular.

10. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUCENCIA DOS SEUS RESULTADOS.

Ao inicio do curso e dado que o proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado está dirixido cara ao logro dunha serie de obxectivos, deberase coñecer previamente a situación inicial de cada alumno/a a través dunha avaliación inicial (que non afectará ás cualificacións) que debe ter como finalidade medir o nivel de coñecementos, sobre todo nos ámbitos referidos aos bloques das competencias oral e escrita e ao bloque de funcionamento da lingua. Esta avaliación inicial deberá ser complementada co coñecemento das características, necesidades e contorno do alumnado, o que permitirá tomar decisións relativas á metodoloxía, planificación e programación das actividades docentes e á adopción das medidas necesarias de atención á diversidade. Para isto, tamén se empregarán os informes individualizados do curso anterior para obter unha información sobre a situación de cada alumno/a.

En xeral, a avaliación inicial debe asentarse nos seguintes aspectos:

- Observación do grupo e da actitude de cada alumno/a cara á materia a través da realización de diversas actividades motivadoras na aula.
- Cumprimento, se proceder, dunha ficha de autoavaliación.
- Realización dunha proba escrita que debe recoller as aptitudes ou carencias iniciais na materia (comprensión e expresión escrita, coñecementos gramaticais...).
- Realización de exercicios de expresión oral variados.

Canto ao deseño da avaliación inicial, no Departamento de Lingua Galega e Literatura, emprégase un modelo de proba bastante semellante en todos os cursos; dado que a aprendizaxe dunha lingua progresa en espiral, os contidos, as competencias e os obxectivos para cada un dos cursos só se distinguirán no grao de profundidade en que sexan traballados pola docente e no grao de autonomía que deberá mostrar o alumnado. Así pois, na proba cambia o grao de dificultade en relación ao nivel de aprendizaxe no que se atopa cada alumno/a e consta, basicamente, de:

- Avaliación da competencia comunicativa: actividades de comprensión e expresión a partir dun texto, habitualmente escrito, pero tamén pode ser oral.
- Cuestións sinxelas sobre contidos impartidos nos cursos anteriores: ortografía, gramática, léxico, lingua e sociedade e literatura.

Asemade, as primeiras semanas, a través das intervencións do alumnado en diferentes actividades, avaliaranse as destrezas orais: a capacidade ler e entender un texto, a expresión oral...

Esta avaliación inicial deberá servir, entre outras cousas, para detectar cales das catro destrezas lingüísticas básicas (entender, falar, ler e escribir) son as máis deficitarias e darlles prioridades no desenvolvemento do currículo.

Á vista dos resultados realizaranse as medidas de atención á diversidade necesarias conxuntamente o desenvolvido no apartado 11 desta programación.

11. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Para o deseño das medidas de atención á diversidade terase en conta o que se establece na ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dunha alumna ou dun

alumno non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, con especial seguimento da situación do alumnado con necesidades educativas especiais, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.

É evidente que en todos os grupos de alumnado se atopan diferentes niveis de competencia curricular, distintos estilos de aprendizaxe (activo, reflexivo, teórico, pragmático, alumnos/as con estratexias cognitivas e outros/as que aprenden máis mecanicamente ...) e diferentes graos de motivación. A atención a esta diversidade, sen precisar sempre de medidas extraordinarias, si esixe frecuentemente a adopción de medidas de atención ordinarias na aula, que sen supoñer unha modificación significativa do currículo, se adapten ás diferentes circunstancias persoais. Esta atención contéplase fundamentalmente na metodoloxía e nos materiais. Neste sentido é que cobra un valor fundamental a avaliación inicial que se fai dos alumnos e alumnas a comezo de curso e que serve para conducir a nosa actuación.

No deseño das unidades didácticas contéplanse obxectivos que responden a diferentes ritmos e niveis, procúrase un predominio dos contidos procedimentais e propóñense actividades de dificultade gradual que permiten diversos estadios de profundización nos diferentes contidos (iniciación, reforzo, resumo, ampliación, recuperación...) de xeito que os contidos poden ser tratados con distinto grao de dificultade, correspondéndolle á docente aplicarlas no momento adecuado para garantir a consecución dos mínimos esixidos.

Cómpre salientar as seguintes medidas de aula:

- Traballos en grupo que faciliten a integración.
- Exposicións da información de diferentes formas (textos explicativos, cadros-resumo, esquemas...).
- Recursos complementarios de reforzo e ampliación, orientados ao perfil do alumnado.

Na parte de Literatura, por exemplo, pódese ofrecer a posibilidade de ampliar a información sobre autoras/es determinadas/os en cada unidade. Certas actividades, como son as de investigación favorecen as técnicas de traballo autónomo e permiten a cada alumna/o aplicar o ritmo e a forma de traballo máis axeitada ás súas características individuais.

Da mesma maneira, outro tipo de contidos, como os gramaticais, poden ser reforzados para aquel alumnado que o precise, proporcionándolle actividades prácticas en fichas que incidan nos aspectos fundamentais tratados.

- Utilización dos materiais de diversificación que inclúen os proxectos editoriais.
- Medidas de intervención que traten de paliar as dificultades inherentes ao trastorno diagnosticado, tendo en conta o informe da avaliación psicopedagóxica; por exemplo explicar e marcar claramente as tarefas dunha proba, nos casos de TDAH.
- Control de apuntamentos e axenda e, asemade, recordatorio da entrega de tarefas, datas de controis etc.
- Atención especial nos exames: marcar claramente –e mesmo destacar- as preguntas e as diferentes ordes, controlar que se entenden as instrucións, tempo extra etc.
- Unificación das pautas metodolóxicas e formas posibles de avaliación con todo o profesorado do alumno ou alumna en cuestión.
- Lecturas guiadas nos temas de contidos -na aula ou fóra dela- coas anotacións oportunas, esquemas, resumos etc.
- Tarefas de recuperación adaptadas.
- Potenciación de actividades voluntarias para alumnos/as con intereses ou capacidades al-

tas.

- Libros de lectura máis sinxelos ou máis complexos dependendo da capacidade do alumnado.

En 1º ESO e 2º ESO contarase co reforzo dentro e/ou fóra da aula dunha profesora con dispoñibilidade horaria: tres horas en cada grupo.

Unha vez realizadas as valoracións iniciais necesarias e de común acordo co conxunto de docentes do curso e co Departamento de Orientación, tomaranse as medidas de reforzo que cumpran co alumnado que presente dificultades. Así mesmo realizaranse adaptacións curriculares precisas aos/ás alumnos/as de necesidades educativas especiais e que se farán constar no seu momento.

As variacións con respecto á lei de exención en lingua galega, obrigan a un tratamento específico para aqueles/as alumnos/as con dificultades lingüísticas (escasa competencia no idioma galego para o seguimento normal das ensinanzas impartidas nesta lingua) cunha especial atención ao caso do alumnado inmigrante.

12. ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

Para a elaboración do plan de reforzo para o alumnado que teña algunha materia sen superar de cursos anteriores, seguirase o establecido no artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Ofreceráselles aos alumnos e ás alumnas un plan de recuperación que combina a entrega de traballos coa realización de dúas probas escritas.

Dividirase a materia en dous parciais: un avaliarase en xaneiro e o outro, en abril. En cada un haberá que facer un exame e entregar uns traballos:

- Traballos: o alumnado deberá entregar catro traballos (dous para a avaliación do primeiro parcial en xaneiro e outros dous para a avaliación do segundo parcial en abril) que conteñen exercicios de reforzo da materia pendente. Isto constituirá o 25% da cualificación.
- Exames: os discentes terán que realizar obrigatoriamente dúas probas escritas: unha, en xaneiro; outra, en abril. Estas constituirán o 75% da nota. Nestas probas restarase por erros ortográficos, morfosintácticos e léxicos igual ca nos cursos correspondentes.

Farase a media aritmética dos dous parciais. Para aprobar hai que lograr unha nota media mínima de 5 puntos.

En caso de non superar a materia coas medidas antes mencionadas, o alumno ou a alumna terá dereito a unha proba de toda a materia ou de un dos parciais que teña suspensos no mes de maio e, no caso de suspender, a outra en xuño. Estes exames puntuaranse de 0 a 10 puntos e para aprobar é preciso acadar unha nota mínima de 5 puntos. Descontarase tamén por erros ortográficos, morfosintácticos e léxicos segundo establecido para o curso.

O titor ou a titora destes alumnos e alumnas será informado/a dos resultados desta avaliación ao longo do curso.

En caso de ensinanza non presencial, farase o mesmo.

13. CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR.

De acordo co establecido no decreto 133/2007 do 5 de xullo levarase adiante un proxecto

de fomento da lectura e da escritura e de adquisición das competencias básicas do cal forma parte este Departamento.

É obxectivo xeral da materia “fomentar a afección e o gusto pola lectura en lingua galega como fonte de pracer, entretemento e enriquecemento persoal”. Trátase de conseguir lectoras e lectores competentes, capaces de interpretar, reformular, comunicar, valorar e emitir xuízos críticos sobre o que len.

Aínda que a adquisición de criterios e técnicas de lectura comprensiva non é responsabilidade exclusiva dos departamentos de linguas, non cabe dúbida de que estes teñen unha responsabilidade maior por canto os seus métodos, ferramentas de traballo e materia de estudo se centran de cheo nesa destreza intelectual e noutras directamente relacionadas con ela (escrita, comentario e análise de textos etc.).

O Departamento de Lingua Galega e Literatura dálle moitísima importancia a este aspecto e propón numerosas medidas e actividades para potenciar a capacidade e a comprensión lectora, para o fomento do hábito de lectura como fonte de gozo e enriquecemento persoal, como ferramenta para a ampliación dos coñecementos, afondar no léxico, afianzar aspectos gramaticais, e sobre todo, a mellora da propia expresión e para o uso crítico da información obtida mediante lectura. Ao tempo que se accede ao propio patrimonio literario, procúrase a normalización do idioma, así como a recuperación da cadea de transmisión lingüística tan urxente nun idioma minorizado.

- Artículanse numerosas actividades no contexto da clase para o desenvolvemento dos contidos do currículo, en cada curso e nivel, en base á lectura, comentario e comprensión crítica de todo tipo de textos (literarios, administrativos, xornalísticos etc.).
- Proponse a lectura en voz alta, o recitado e a lectura dramatizada como estratexias de aprendizaxe lectora.
- Realízanse actividades arredor de datas referenciais para a lectura como o Día das Letras Galegas, o Día do Libro etc., exposicións referidas ás lecturas das rapazas e os rapaces etc.
- Prevese a asistencia ao teatro para ver algunha peza que se nos oferte no departamento; así mesmo procurárase a visita dalgún escritor/a en lingua galega.
- Establécese para cada curso e nivel unha listaxe ampla de lecturas obrigatorias e voluntarias. Propóñense obras de literatura xuvenil actual con temáticas variadas que teñen en conta a idade e os intereses do alumnado e/ou que presentan algún valor educativo (educación en valores: tolerancia, non discriminación, igualdade entre homes e mulleres, multiculturalidade...) que serven para traballar contidos transversais.

O alumnado debe ler obrigatoriamente un libro en cada trimestre. O control deste libro, sempre escrito, supón o 15% da nota total. Na súa valoración inclúese tanto a lectura do libro, a comprensión do mesmo, a análise dos personaxes, espazo, narrador... como a expresión á hora de realizar a proba de lectura.

Ademais, pódense ler libros voluntarios en cada avaliación, que o alumnado debe escoller dunha listaxe facilitada pola profesora. Estes libros sumarán 0,50 cada un á nota final de cada avaliación, sempre e cando o/a alumno/a demostrase que leu o libro obrigatorio. A proba destas lecturas será escrita ou oral.

- Aproveitaranse os recursos da biblioteca, de xeito que, por exemplo, a meirande parte das obras de lectura propostas estean a disposición do alumnado nesa dependencia. Do mesmo xeito, potenciarase o seu uso como centro de documentación a disposición do alumnado para preparar traballos, facer consultas, conseguir datos etc. relacionados coa materia de Lingua Galega e Literatura.

A seguir, indícanse os libros de lectura obrigatoria e voluntaria para cada curso da ESO. Estas listaxes poderán ser modificadas ao longo do ano académico.

1º ESO

LIBROS OBRIGATORIOS:

- 1ª AVALIACIÓN: Breogán Riveiro, *Tonecho de Rebordecho*, Galaxia.
- 2ª AVALIACIÓN: Teresa González Costa, *A noite das bicicletas*, Xerais.
- 3ª AVALIACIÓN: Antía Yáñez, *O misterio de Portomarín*, Galaxia.

LIBROS VOLUNTARIOS:

- Héctor Cajaraville, *Kusuma*, Xerais.
- Paula Carballeira, *Trece avisos*, Xerais.
- Francisco Castro, *Chamádeme Simbad*, Galaxia.
- Leticia Costas, *Esmeraldina, a pequena defunta*, Xerais.
- Leticia Costas, *Escarlantina, a cocíneira defunta*, Xerais.
- Érica Esmorís, *Nena e o mar*, Xerais.
- Xavier Estévez, *Avións de papel*, Xerais.
 - Anxo Fariña, *Os Megatoxos e o aprendiz de druída*, Xerais.
- Agustín Fernández Paz, *Trece anos de Branca*, Rodeira.
- Agustín Fernández Paz, *A casa do medo*, Rodeira.
- Manuel Fontemoura, *A nena do vestido de flores*, Aira.
- Teresa González Costa, *A filla do ladrón de bicicletas*, Xerais.
- Carlos Labraña, *Contra o reloxo*, Galaxia.
- Xabier López, *O segredo da vella librería*, Galaxia.
- Andrea Maceiras, *Volverás, golfiño!*, Xerais.
- Andrea Maceiras, *A folla azul*, Xerais.
- Andrea Maceiras, *Conta nove estrelas*, Xerais.
- Iria Misa, *Mamá, quero ser Ziggy Stardust*, Xerais.
- X. A. Neira Cruz, *O enigma do baúl pechado*, Galaxia.
- Lois Pérez, *A gruta da torre*, Xerais.
- Antonio Reigosa, *Resalgario*, Xerais.
- María Reimóndez, *Usha*, Xerais.
- Manuel Rivas, *Bala Perdida*, Xerais.
- Jordi Sierra i Fabra, *kafka e a boneca viaxeira*, Galaxia.
- Pere Tobaruela e Leticia Costas, *Mortos de Ningures*, Everest.

2º ESO

LIBROS OBRIGATORIOS:

- 1ª AVALIACIÓN: Antía Yáñez, *O misterio do torque de Burela*, Galaxia.
- 2ª AVALIACIÓN: Agustín Fernández Paz, *Cartas de inverno*, Xerais.
- 3ª AVALIACIÓN: Héctor Cajaraville, *Denébola a Roxa*, Rodeira.

LIBROS VOLUNTARIOS:

- Valentín Alvite, Antía e Daren, *O misterio dos torques roubados*, Xerais.
- Héctor Cajaraville, *Os metrosiderais*, Oqueleo.
- Marcos Calveiro, *Todos somos*, Xerais.
- Ramón Caride, *O camiño da Estadea. O regreso de Sheila e Said*, Xerais.
- Xosé de Cea, *Revolución Detrito*, Xerais.
- Leticia Costas, *A balada dos unicornios*, Xerais.
- Leticia Costas, *Recinto gris*, Xerais.
- Leticia Costas, *Jules Verne e a vida secreta das mulleres planta*, Xerais.
- Francisco Díaz Valladares, *Tras a sombra do bruxo*, Rodeira.
- Xabier P. Docampo, *O pazo baleiro*, Xerais.

- Xabier P. Docampo, **Cando petan na porta pola noite**, Xerais.
- Xavier Estévez, **Os camiños do vento**, Xerais.
- Teresa González Costa, **A memoria dos paxaros**, Xerais.
- Paul Jennings, **Vaiche boa!**, Galaxia.
- J. Kruz Igerabide, **Ata que o saibas todo**, Oxford.
- César Mallorquí, **As lágrimas de Shiva**, Rodeira.
- Marina Mayoral, **Tristes armas**, Xerais.
- María Molina, **O ferreiro da lúa chea**, Obradoiro.
- Davide Morosinotto, **Nemo, o rapaz sen nome**, Xerais.
- Davide Morosinotto, **Nemo, o xigante de pedra**, Xerais.
- Manuel Núñez Singala, **Noite de temporal**, Oqueleo.
- María Reimóndez, **Corredora**, Xerais.
- María Solar, **As meigas de Lupa**, Xerais.
- Pere Tobaruela, **Auga e lume**, Baía Edicións.
- Pere Tobaruela, **O asasinato da profesora de Xeografía**, Embora Edicións.

3º ESO

LIBROS OBRIGATORIOS:

- 1ª AVALIACIÓN: Agustín Fernández Paz, **A neve interminable**, Xerais.
- 2ª AVALIACIÓN: Andrea Maceiras, **O que sei do silencio**, Xerais.
- 3ª AVALIACIÓN: Héctor Cajaraville, **A caixaíña dos ranceiros**, Xerais.

LIBROS VOLUNTARIOS:

- Héctor Cajaraville, **O segredo da casa dos Formoso**, Xerais.
- Ramón Carredano Cobas, **Veleno tinto**, Xerais.
- Fina Casalderrey, **Asústate Merche!**, Xerais.
- Leticia Costas, **Unha estrela no vento**, Xerais.
- Agustín Fernández Paz, **Noite de voraces sombras**, Xerais.
- Santiago Jaureguizar, **Corazón de chocolate**, Rodeira.
- Gemma Lienas, **O diario violeta de Carlota**, Galaxia.
- María López Sánchez, **O faro escuro**, Galaxia.
- Manuel Lourenzo González, **Irmán do vento**, Xerais.
- David Lozano, **Descoñecidos**, Rodeira.
- César Mallorquí, **O círculo escarlata**, Rodeira.
- Marina Mayoral, **Quen matou a Inmaculada Silva?**, Xerais.
- Xosé Miranda, **Pel de lobo**, Xerais.
- Gonzalo Navaza, **Erros e Tánatos**, Xerais.
- Xosé Neira Vilas, **Memorias dun neno labrego**, Galaxia.
- Manuel Núñez Singala, **Atranco no banco**, Galaxia.
- María Reimóndez, **Fóra do normal**, Xerais.
- X. H. Ribadulla Corcón, **O noso amor será eterno**, Xerais.
- Care Santos, **Mentira**, Rodeira.
- Care Santos, **Verdade**, Rodeira.
- Care Santos, **Medo**, Rodeira.
- Care Santos, **Ben**, Rodeira.
- Jordi Sierra i Fabra, **O que eu creo (de todo)**, Factoría K.
- Suso de Toro, **Conta saldada**, Xerais.
- Suso de Toro, **A sombra cazadora**, Xerais.

4º ESO

LIBROS OBRIGATORIOS:

- 1ª AVALIACIÓN: Carlos Reigosa, **Pepa a Loba**, Xerais.
- 2ª AVALIACIÓN: Eva Mejuto, **A ladroa da biblioteca de Meirás**, Xerais.
- 3ª AVALIACIÓN: Andrea Maceiras, **Europa Express**, Xerais.

LIBROS VOLUNTARIOS:

- Marilar Aleixandre, **A cabeza de medusa**, Xerais.
- An Alfaya, **A sombra descalza**, Xerais.
- An Alfaya, **O grupo**, Xerais.
- Rosa Aneiros, **Ámote Leo. Destino Xalundes**, Xerais.
- Pepe Carballude, **In memoriam**, Xerais.
- Castelao, **Os dous de sempre**, Galaxia.
- Castelao, **Cousas**, Galaxia.
- Francisco Castro, **Iridium**, Galaxia.
- Leticia Costas, **A lebre mecánica**, Xerais.
- Agustín Fernández Paz, **Corredores de sombra**, Xerais.
- Agustín Fernández Paz, **Non hai noite tan longa**, Xerais.
- Beatriz García Turnes, **Esta noite hei de ir a verte**, Galaxia.
- Pablo Gutiérrez, **A síndrome de Bergerac**, Rodeira.
- Rocío Leira, **Tres catorce dezaseis**, Xerais.
- Andrea Maceiras, **Nubes de evolución**, Xerais.
- Andrea Maceiras, **Que se me pare o corazón se te esquezo**, Xerais.
- Marina Mayoral, **Quen matou a Inmaculada Silva?**, Xerais.
- Eva Mejuto, **Memoria do silencio**, Xerais.
- Eva Mejuto, **22 segundos**, Xerais.
- Xosé Miranda, **Morning star**, Xerais.
- M^a Victoria Moreno, **Anagnórise**, Galaxia.
- Manuel Núñez Singala, **A comedia bífida**, Galaxia.
- Jordi Sierra i Fabra, **Berta mir. O caso do falso accidente**, Galaxia.
- María Solar, **Os nenos da varíola**, Galaxia.
- Xosé Luís Vázquez Somoza, **O conserxe**, Xerais.
- Domingo Villar, **Ollos de auga**, Galaxia.
- Antía Yáñez, **Senlleiras**, Galaxia.

14. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

Para unha mellor planificación do traballo e para facilitar o labor de ensino e aprendizaxe óptase por usar libros de texto en todos os cursos. Deste xeito, as alumnas e alumnos poden ser máis autónomos, facer as súas consultas e realizar as actividades e comentarios que neles se propoñen e, ademais, elaborar as súas propias notas, guións, resumos e esquemas.

Os libros de texto son os seguintes:

- *Lingua Galega e Literatura*, 1º ESO, Ed. Anaya.
- *Lingua Galega e Literatura*, 2º ESO, Ed. Anaya.
- *Lingua Galega e Literatura*, 3º ESO, Ed. Anaya.
- *Lingua Galega e Literatura*, 4º ESO, Ed. Anaya.

Ademais, utilizaranse outros medios, material diverso e en distintos soportes, para a consecución dos obxectivos fixados.

- Exercicios e actividades elaborados pola propia docente.
- Fichas de traballo de reforzo e ampliación, proporcionadas por diferentes editoriais.
- Cadernos de ortografía, morfoloxía e léxico de Anaya.
- Cadernos de ortografía e léxico da editorial Rodeira.
- Presentacións dixitais preparadas pola profesora ou polo propio alumnado.
- Obras literarias ou fragmentos de obras literarias axeitadas á idade e madurez intelectual

do alumnado.

- Selección de artigos de prensa impresa ou dixital ou de documentos referidos á actualidade.
- Dicionarios en papel e dixitais (dicionario da RAG, <https://digalego.xunta.gal>, <https://ilg.usc.es/pronuncia/>, <https://aplicacions.usc.es/buscatermos/>, <http://sli.uvigo.es/DdD/>, <http://sli.uvigo.gal/singal/>, <http://www.realacademiagalega.org/Volga/>...
- Páxinas web e blogs sobre aspectos lingüísticos, literarios, históricos ou sobre temas de actualidade: <http://bvg.udc.es/>, <http://www.realacademiagalega.org>, <http://consellodacultura.gal>, <http://www.aelg.org/>, <https://cantigas.fcsh.unl.pt/>, sondepoetas.blogspot.com, <https://rosalia.gal>, <https://www.lingua.gal>, <https://orellapendella.gal>, <https://galiciaencantada.gal>, <https://ogalego.eu>, <https://portaldaspalabras.gal>, <https://ilga.org>, <https://uxionovoneura.com>, <https://manuelmaria.com...>
- Vídeos en DVD ou na Rede con música, cine e documentais con permisos legais para a súa reprodución con fins educativos.
- Fontes bibliográficas diversas, como dicionarios enciclopédicos, atlas xeográficos, libros de divulgación e obras de consulta da biblioteca do centro.

Traballarase tamén coa aula virtual do centro e coa plataforma Cisco Webex.

15. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO QUE CORRESPONDE.

Segundo o establecido no Decreto 86/2015, de 25 de xuño, polo que se regula o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, os elementos transversais que se deben traballar a través de todas as materias son os seguintes:

- Comprensión lectora.
- Expresión oral e escrita.
- Comunicación audiovisual.
- Tecnoloxías da información e da comunicación.
- Emprendemento.
- Educación cívica e constitucional.

Ademais dos contidos específicos da materia de Lingua Galega e Literatura, o departamento contribuirá á formación integral do alumnado mediante actividades que desenvolvan aspectos transversais fundamentais para a aprendizaxe en valores esenciais. Os temas transversais serán tratados en textos de natureza diversa que serán analizados ao longo do curso e poderán tamén servir de punto de partida para reflexións persoais expostas por escrito ou ben diálogos e debates orais durante a clase. Tamén se poderá partir doutros materiais audiovisuais que, referíndose ao currículo da nosa materia, teñan relación con algún dos temas da transversalidade.

O profesorado será sempre claro referente na dirección ética axeitada que se deba adoptar en cada caso, sen menosprezo da liberdade de pensamento que, dentro dos límites do razoábel, poidan presentar os alumnos e alumnas e corraxirá aquelas actitudes e opinións que considere lesivas para os valores como a igualdade, a responsabilidade, a solidariedade e a tolerancia.

Intentarase lograr, entre outros, os seguintes obxectivos:

- Tomar conciencia das situacións de desigualdade económica, cultural, relixiosa, lingüística do mundo entendendo que, máis que un mal inevitábel, son realidades que se poden cambiar.
- Analizar as causas dos conflitos no mundo, tanto a nivel de relacións interpersoais como a nivel de estados. Aprender a importancia de resolver as discrepancias a través do diálogo, o respecto e a tolerancia.
- Valorar as linguas como medios de comunicación en pé de igualdade e insistir na importancia de que todas elas, así como os seus falantes, gocen dos mesmos dereitos.
- Fomentar o interese por coñecer outras culturas diferentes da nosa. Aprender a respectalas e a valoralas.
- Fomentar o respecto polo medio ambiente e adquirir hábitos que contribúan á súa conservación.
- Identificar e corrixir as actitudes que resulten discriminatorias ou ofensivas coas mulleres. Eliminar os compoñentes sexistas no uso da lingua.
- Aprender a vivir a propia sexualidade con responsabilidade e madurez, respectando as opcións e comportamentos sexuais dos demais.
- Gozar dos períodos de lecer con actividades que enriquezan a persoa (lectura, música, deporte, contacto coa natureza...), usando a diversión procedente da tecnoloxía (televisión, internet, consolas de videoxogos...) de maneira responsábel e moderada.
- Entender a importancia de estar ben informados dos aspectos máis relevantes da sociedade e mostrar unha actitude crítica ante as mensaxes procedentes dos medios de comunicación.

Un dos obxectivos desta área é o desenvolvemento do pensamento crítico do alumnado. Este pensamento crítico debe contextualizarse na realidade da sociedade galega; neste sentido, a técnica do comentario crítico, a elaboración de artigos e informes tras a investigación dun determinado asunto na prensa, ponse tamén ao servizo do tratamento dos temas transversais.

16. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

O Departamento de Lingua Galega e Literatura ten disposición para realizar actividades que complementen o desenvolvemento harmónico e a formación íntegra do alumnado nas súas dimensións humanas e de cohesión social dentro do grupo. Para iso estima a participación nas celebracións de integración que o Centro desenvolva ao longo do curso e tamén aquelas que espontaneamente xurdan para beneficio dos alumnos e as alumnas no exterior do Centro.

A seguir inclúense algunhas propostas, sabendo que a súa viabilidade vai depender da situación do momento e que, por suposto, se adaptarán á legalidade vixente:

- Asistencia a representacións teatrais ou proxeccións de cinema.
- Encontros con escritores ou escritoras en lingua galega.
- Recital para celebrar o Día de Rosalía.
- Festival do Día das Letras Galegas.
- Participación nas actividades propostas polo EDNL e a Biblioteca do centro.
- Asistencia ás actividades culturais propostas polo concello de Laxe.
- Participación en certames literarios convocados por diferentes entidades.
- Saídas didácticas: por exemplo, visita a casas-museo de escritores/as galegos/as, ao Mu-

seo do Pobo Galego...

- Asistencia a sesións de contacontos, conferencias, charlas con axentes sociais etc. sobre temas de interese para a materia.

17. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

Neste apartado preténdese promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e o desenvolvemento do proceso de ensino e a práctica docente. Para iso, ao finalizar o curso proporase unha secuencia de preguntas que permitan á docente avaliar o funcionamento do traballo na aula e establecer estratexias de mellora do proceso de ensino e a práctica docente.

Indicadores de logro				
Proceso de ensino	1	2	3	4
1.-O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?				
2.-Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?				
3.-Conseguiuse motivar para conseguir a súa actividade intelectual e física?				
4.-Acadouse a participación activa de todo o alumnado?				
5.-Contouse co apoio e a implicación das familias no traballo do alumnado?				
6.-Tomouse algunha medida curricular para atender o alumnado con NEAE?				
7.-Tomouse algunha medida organizativa para atender o alumnado con NEAE?				
8.-Atendeuse adecuadamente a diversidade do alumnado?				
9.-Usáronse distintos instrumentos e procedementos de avaliación?				
10.-Valorouse realmente a observación do traballo na aula?				
11.-Valorouse axeitadamente o traballo participativo do alumnado?				
Práctica docente	1	2	3	4
1.-Explicáronse ao alumnado os criterios, os procedementos e os instrumentos de avaliación?				
2.-Como norma xeral fixéronse explicacións xerais para todo o alumnado?				

3.-Ofrecéronse a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisou?				
4.-Elaboráronse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade?				
5.-Elaboráronse probas de avaliación de distinta dificultade para o alumnado con NEAE?				
6.-Utilizáronse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar?				
7.-Potenciáronse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral?				
8.-Incorporáronse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe?				
9.-Prestouse atención aos temas transversais vinculados a cada estándar?				
10.-Ofrecéronse ao alumnado de forma inmediata os resultados das probas/exames?				
11.-Comentáronse co alumnado os fallos máis significativos das probas /exames?				
12.-Déuselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus fallos?				
13.-Cal foi o grao de implicación nas funcións de titoría e orientación do profesorado?				
14.-As medidas de apoio, reforzo etc. establecéronse vinculadas aos estándares?				

18. MECANISMOS DE REVISIÓN, DE AVALIACIÓN E DE MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

Resulta obvio que cómpre realizar un seguimento da propia programación didáctica. Esta debe ser un documento completo, pero tamén flexible, para servir de ferramenta útil no proceso de ensino-aprendizaxe. A súa concreción variará en función de diversas circunstancias, especialmente das características e necesidades educativas do alumnado concreto co que se traballe cada curso. Para isto levaranse a cabo análises e valoracións, así como propostas de mellora en diferentes momentos do curso.

- Farase un seguimento constante do cumprimento da programación en xeral e dos contidos e a súa temporalización en particular, procurando o cumprimento dos prazos previstos co fin de dar todo o temario.
- Valoraranse os criterios de avaliación e de cualificación en función dos resultados.

- Revisaranse e, se fose necesario, reformularanse sobre a marcha os contidos de exposición por parte da docente e os de investigación por parte do alumnado.
- Farase un seguimento da metodoloxía co fin de mellorar aqueles aspectos que fosen precisos.
- Comprobarase a validez das actividades de aprendizaxe empregadas na aula.
- Observarase se se fomenta a motivación e o desenvolvemento das capacidades do alumnado.
- Determinarase o grao de cumprimento dos obxectivos.
- Considerarase se as distintas opcións propostas para diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe son as correctas.
- Revisarase a aplicación de medidas extraordinarias recomendadas polo equipo docente atendendo os informes psicopedagóxicos.
- Valorarase se os libros de lectura obrigatoria e voluntaria, propostos para cada curso, foron os axeitados.
- Reflexionarase sobre se o material e os recursos empregados foron adecuados.
- Avaliarase a integración das TIC no desenvolvemento da materia.

Todos os cambios necesarios serán contemplados na memoria final de curso co fin de incorporalos á programación anual do vindeiro curso.

Laxe, 15 setembro de 2022